



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 3 OUTUBRO DE 2013</b>	
<b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA	
<b>TIPO DE SESIÓN:</b> ORDINARIA	<b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde-Presidente  
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro  
DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira  
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro  
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA  
Concelleira  
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN  
Concelleiro  
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro  
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira  
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira  
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS  
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ  
Concelleiro  
DNA. BELÉN LOUZA VIEITES  
Concelleira  
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO  
Concelleiro  
DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE  
Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira  
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA  
Concelleiro  
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ  
Concelleiro  
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS  
Concelleira

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONES

DNA. M<sup>a</sup> JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

INTERVENTOR EN FUNCIONES

D. Luís M. Lozano Lorelz

FALTAN Á SESIÓN

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO  
Concelleiro polo PSdeG-PSOE

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día 3 de outubro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA**

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 5 DE SETEMBRO DE 2013.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA PARA A CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN DE FICHEIROS DE DATOS.

**B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE AGOSTO DE 2013, ÁMBOS DOUS INCLUIDOS.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

\*\*\*\*\*

## A) PARTE RESOLUTORIA

### 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 5 DE SETEMBRO DE 2013.

**Sr. Alcalde.-** Bueno, moi boa tarde a todos i a todas, compañeiros de corporación i público que nos acompaña hoxe neste Pleno ordinario correspondente ao mes de outubro do ano 2013.

O Pleno ten a seguinte Orde do Día: primeira parte que é a parte resolutoria é a aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 5 de setembro do 2013, ¿non sei si hai algunha alegación á acta? Si non hai ningunha alegación procedemos á súa aprobación por unanimidade.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 5 de setembro de 2013.

Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

### 2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA PARA A CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN DE FICHEIROS DE DATOS.

**Sr. Alcalde.-** O punto número 2, é a aprobación se procede, da Ordenanza para a creación, modificación e supresión de ficheiros de datos, ¿non sei se hai algunha intervención? Ten a palabra... ¿algunha intervención? Vale pois procedemos a...ten a palabra o Concelleiro de Facenda Alberto Blanco.

**Sr. Alberto Blanco do PP.-** Ben, boas noites, traemos a este pleno o que é a proposta da Alcaldía para a creación duns ficheiros de...relacionados ca Lei de Protección de Datos, modificación doutros e supresión doutros. En principio sería a aprobación para a creación dun ficheiro de videovixilancia de instalacións municipais, todo de acordo según o establecido pola Lei Orgánica de Protección de Datos. Así mesmo, a modificación do nivel de seguridade dunha serie de ficheiros, por consello e recomendación da propia Axencia de Protección. E por último, unha serie de ficheiros que figuran duplicados na Axencia que se procede a súa supresión, Padrón, Persoal, Xestión Autonómica e Contable, Contabilidade e Servizos Sociais.

**Sr. Alcalde.-** Moitas grazas, ¿non sei se hai algunha intervención por parte do resto dos grupos? Pois procedemos a votar polo tanto a Ordenanza para a creación, modificación e supresión de ficheiros de datos. ¿Votos en contra?, ¿Abstencións? ,abstencións Partido Socialista i BNG. ¿A favor? Apróbase por maioría.

Finalmente, adóptase, polos votos a favor do Partido Popular (11) e as abstencións do PsdeG-PSOE (8) e BNG (1), o seguinte **ACORDO**:

Vistas as previsións do artigo 20 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos no que se sinala que “a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das Administracións públicas só poderán facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín do Estado ou Diario Oficial correspondente”.

Visto o artigo 52 do R.D. 1720/2007 polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento desta.

Vista a competencia plenaria para aprobación das disposicións de carácter xeral, de conformidade co artigo 22.2.b) e 49 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.

## **ACORDAMOS:**

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza de creación do seguinte ficheiro de datos: Ficheiro de videovixilancia de instalacións municipais, coas características que figuran como Anexo II do presente Acordo.

2º.- Modificar o nivel de seguridade dos ficheiros que figuran no Anexo I, sendo as características as que figuran no Anexo I do presente Acordo

3º.- Os ficheiros rexeranse polas disposicións xerais e instrucións que se detallen, e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e regulamentarias de superior rango que lles sexan aplicables.

4º.- En cumprimento do artigo 55 do R.D. 1720/2005, os ficheiros serán notificados á Axencia Española de Protección de Datos aos efectos da súa inscrición no Rexistro de Protección de Datos no prazo de 30 días, a contar dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia da aprobación definitiva da Ordenanza de creación.

5º.- Suprimir os ficheiros de carácter persoal: padrón, persoal, xestión económica e contable, contabilidade e S.I.U.S.S., creados con anterioridade á Ordenanza Municipal de Ficheiros, reguladores dos ficheiros de datos de carácter persoal deste Concello. Os ficheiros que se suprimirán serán migrados aos novos ficheiros respectivos, conforme o disposto no art. 20.3 da LOPD.

6º.- Medidas de seguridade: os ficheiros automatizados que polo presente Acordo se crean, cumpren as medidas de seguridade establecidas no RDLOPD.

7º.- As persoas afectadas polos ficheiros informatizados que se crean polo presente Acordo poden exercer o seu dereito de acceso, rectificación e cancelación de datos, cando proceda, ante o órgano que se sinala na descrición de cada ficheiro conforme ao Anexo I e II.

8º.- Publicar o anuncio do presente acordo no Taboleiro de Editos deste Concello, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina web municipal, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas no prazo de 30 días.

9º.- Tras o preceptivo trámite de información pública e, de non se presentaren reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo aprobatorio, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado, procedéndose á publicación íntegra da Ordenanza, xa modificada, no BOP:

### **Anexo I**

#### **Ficheiro Imposto de actividades económicas (I.A.E.)**

1 Identificación do ficheiro:

— Denominación: Imposto de actividades económicas (I.A.E.).

— Descrición: datos persoais recollidos no imposto de actividades económicas.

— Finalidade e usos: xestión económica – financeira pública.

2 Orixe dos datos:

— Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal, a xestión propia municipal ou colaboración con outras administracións.

— Colectivo de recollida: os contribuíntes ou persoas físicas ou xurídicas obrigadas por lei ao pagamento dun imposto municipal.

— Procedemento de recollida: formulario mixto.

3 Estrutura básica do ficheiro:

— Datos identificativos: nome, apelidos, enderezo, DNI/NIF, teléfono, NSS/Mutualidade,

— Datos especialmente protexidos: ningún.

— Outros tipos de datos: económicos, financeiros e de seguros (número de conta bancaria).

— Sistema de tratamento: mixto

4 Comunicacions de datos previstas:

— Cesións de datos: deputacións provinciais.

5 Transferencias internacionais de datos:

— Ningunha.

6 Responsable do ficheiro:

— Organismo responsable do ficheiro: Concello da Estrada.

7 Unidade para o exercicio de dereitos:

— Servizos ou unidades ante os que puidesen exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Concello da Estrada,

Praza da Constitución, núm. 1 (36680 A Estrada, Pontevedra).

8 Nivel de seguridade:

— Medio.

**Ficheiro Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e recollida de lixo**

1 Identificación do ficheiro:

— Denominación: Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e recollida de lixo.

— Descrición: datos persoais recollidos no imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e recollida de lixo.

— Finalidade e usos: xestión económica – financeira pública.

2 Orixe dos datos:

— Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal, a xestión propia municipal ou colaboración con outras administracións e outras persoas físicas.

— Colectivo de recollida: os contribuíntes ou persoas físicas ou xurídicas obrigadas por lei ao pagamento dun imposto municipal.

— Procedemento de recollida: formulario mixto.

3 Estrutura básica do ficheiro:

- Datos identificativos: nome, apelidos, enderezo, DNI/NIF, teléfono, valor catastral, datos do rexistro de propiedade, transmisións.
- Datos especialmente protexidos: ningún.
- Outros tipos de datos: económicos, financeiros e de seguros (número de conta bancaria).
- Sistema de tratamento: mixto

4 Comunicacions de datos previstas:

- Cesións de datos: deputacións provinciais.

5 Transferencias internacionais de datos:

- Ningunha.

6 Responsable do ficheiro:

- Organismo responsable do ficheiro: Concello da Estrada.

7 Unidade para o exercicio de dereitos:

- Servizos ou unidades ante os que puidesen exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Concello da Estrada,

Praza da Constitución, núm. 1 (36680 A Estrada, Pontevedra).

8 Nivel de seguridade:

- Medio.

**Ficheiro Censo para o imposto de bens inmobles de natureza rústica**

1 Identificación do ficheiro:

- Denominación: Censo para o imposto de bens inmobles de natureza rústica.
- Descrición: datos persoais recollidos no imposto de bens inmobles de natureza rústica.
- Finalidade e usos: xestión económica – financeira pública.

2 Orixe dos datos:

- Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal.
- Colectivo de recollida: os contribuíntes ou persoas físicas ou xurídicas obrigadas por lei ao pagamento dun imposto municipal.
- Procedemento de recollida: formulario mixto.

3 Estrutura básica do ficheiro:

- Datos identificativos: nome, apelidos, enderezo, DNI/NIF, teléfono, valor catastral, datos do rexistro de propiedade, transmisións.
- Datos especialmente protexidos: ningún.
- Outros tipos de datos: económicos, financeiros e de seguros (número de conta bancaria).
- Sistema de tratamento: mixto

4 Comunicacions de datos previstas:

- Cesións de datos: deputacións provinciais.

5 Transferencias internacionais de datos:

- Ningunha.

6 Responsable do ficheiro:

— Organismo responsable do ficheiro: Concello da Estrada.

7 Unidade para o exercicio de dereitos:

— Servizos ou unidades ante os que puidesen exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Concello da Estrada,

Praza da Constitución, núm. 1 (36680 A Estrada, Pontevedra).

8 Nivel de seguridade:

— Medio.

### **Ficheiro Imposto de vehículos de tracción mecánica**

1 Identificación do ficheiro:

— Denominación: Imposto de vehículos de tracción mecánica.

— Descrición: datos persoais recollidos no imposto sobre os vehículos de tracción mecánica.

— Finalidade e usos: xestión económica – financeira pública.

2 Orixe dos datos:

— Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal, a xestión propia municipal ou colaboración con outras administracións.

— Colectivo de recollida: os contribuíntes ou persoas físicas ou xurídicas obrigadas por lei ao pagamento dun imposto municipal.

— Procedemento de recollida: formulario mixto.

3 Estrutura básica do ficheiro:

— Datos identificativos: nome, apelidos, enderezo, DNI/NIF, teléfono, datos do vehículo, matrícula, potencia fiscal, modelo, importe.

— Datos especialmente protexidos: ningún.

— Outros tipos de datos: económicos, financeiros e de seguros (número de conta bancaria).

— Sistema de tratamento: mixto

4 Comunicacions de datos previstas:

— Cesións de datos: deputacións provinciais.

5 Transferencias internacionais de datos:

— Ningunha.

6 Responsable do ficheiro:

— Organismo responsable do ficheiro: Concello da Estrada.

7 Unidade para o exercicio de dereitos:

— Servizos ou unidades ante os que puidesen exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Concello da Estrada,

Praza da Constitución, núm. 1 (36680 A Estrada, Pontevedra).

8 Nivel de seguridade:

— Medio.

## **Ficheiro S.I.U.S.S.**

### 1 Identificación do ficheiro:

- Denominación: S.I.U.S.S.
- Descrición: é o soporte informático que permite recoller os datos básicos dos usuarios dos servizos sociais de atención primaria que posibilita o coñecemento das características da demanda e proporciona datos para a avaliación e planificación de servizos (explotación e análise de datos).
- Finalidade e usos: servizos sociais.

### 2 Orixe dos datos:

- Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal.
- Colectivo de recollida: usuarios dos servizos sociais de atención primaria deste concello.
- Procedemento de recollida: formulario mixto.

### 3 Estrutura básica do ficheiro:

- Datos identificativos: nome, apelidos, enderezo, teléfono, DNI/NIF, NSS/mutualidade.
- Datos especialmente protexidos: ningún.
- Outros tipos de datos: características persoais, circunstancias sociais, académicos e profesionais, detalles do emprego, información comercial e económicos, financeiros e de seguros.
- Sistema de tratamento: automatizado

### 4 Comunicacions de datos previstas:

- Cesións de datos: ningunha.

### 5 Transferencias internacionais de datos:

- Ningunha.

### 6 Responsable do ficheiro:

- Organismo responsable do ficheiro: Concello da Estrada.

### 7 Unidade para o exercicio de dereitos:

- Servizos ou unidades ante os que puidesen exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:  
Concello da Estrada,  
Praza da Constitución, núm. 1 (36680 A Estrada, Pontevedra).

### 8 Nivel de seguridade

Básico.

## **Anexo II**

### **Ficheiro Videovixilancia de instalacións municipais**

#### 1. Identificación do ficheiro:

- Denominación: Videovixilancia de instalacións municipais.
- Descrición: a finalidade do ficheiro é preservar a seguridade na sede da entidade. Os usos son os derivados do control das persoas que acoden e permanecen



dos locais mediante a captación de imaxes a través de sistemas de cámaras de videovixilancia

— Finalidade e usos: seguridade e control de acceso a edificios.

2. Orixe dos datos:

— Procedencia dos datos: o propio interesado ou o seu representante legal.

— Colectivo de recollida: empregados, visitantes e persoal externo.

— Procedemento de recollida: formulario automatizado.

3. Estrutura básica do ficheiro:

— Datos identificativos: imaxe/voz.

— Datos especialmente protexidos: ningún.

— Outros tipos de datos: ningún.

— Sistema de tratamento: automatizado

4. Comunicacions de datos previstas:

— Cesións de datos: forzas e corpos de seguridade e órganos xudiciais.

5. Transferencias internacionais de datos:

— Ningunha.

6. Responsable do ficheiro:

— Organismo responsable do ficheiro: Concello da Estrada.

7. Unidade para o exercicio de dereitos:

— Servizos ou unidades ante os que puidesen exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Concello da Estrada,

Praza da Constitución, núm. 1 (36680 A Estrada, Pontevedra).

8. Nivel de seguridade:

— Básico."

#### **FÓRA DA ORDE DO DÍA**

**Sr. Alcalde.**- Antes de pasar á parte de Control de Xestión ¿non sei se hai algunha moción de urxencia? Ten a palabra a señora Louzao.

#### **A) MOCIÓN DO PsdeG-PSOE RELATIVA AO POSICIONAMENTO NON FAVORABLE DO CONCELLO DA ESTRADA Á APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DO PARQUE EÓLICO DE CABANELAS.-**

**Sra. Belén Louzao do PsdeG.-PSOE.**- Boa noite a todos e a todas, traemos por urxencia, i xa o vamos a anticipar, dúas mocións no día de hoxe. Unha primeira moción que responde a unha petición das persoas afectadas polo coñecido como Parque Eólico de Cabanelas, unha instalación que está a tramitar a súa autorización a Consellería de Economía da Xunta i que está a exposición pública nestos momentos, a exposición pública, autorización administrativa, declaración de utilidade, aprobación do proxecto, execución e estudo ambiental. De aí radica a urxencia desta moción i o que pedimos é que, coñecendo o proxecto, revisando un proxecto que prevé a instalación de tres aeroxeradores no Concello da Estrada, tres aeroxeradores que son máis

altos que os que se instalan noutros sitios, polo tanto as zonas de afección son maiores. Son incluso... chegando a afectar á zona catalogada dentro da rede natura i na que existen especies en perigo de extinción i elementos patrimoniais, como poden ser unha capela ou incluso a área de expansión dos cabalos da rapa das bestas.

Por iso traemos esta moción a este Pleno, na que solicitamos chegar a un acordo de rexeitamento, facendo nosas, facendo do Concello da Estrada as preocupacións e as reivindicacións dos veciños afectados polo Parque Eólico de Cabanelas i manifestando o rexeitamento i execución do mesmo, así como comprometéndonos, por parte de Concello, a remitir á Xunta de Galicia os informes técnicos ao respecto nos prazos que corresponda. Como decíamos, prazos que están vixentes agora mesmo i que están próximos a rematar, por iso xustificamos a urxencia desta moción.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señora Louzao, bueno eu, independentemente de que estamos de acordo (¿non sei si o compañeiro do Bloque Nacionalista Galego tamén quere entrar no tema da urxencia?), creo que o prazo finaliza o próximo luns, pero que si parece máis razoable que...bueno, non ten moito sentido un rexeitamento neste trámite, un rexeitamento da corporación municipal porque non ten ningunha repercusión real sobre o procedemento. O único que podemos facer, i eu creo que sería o convinte é trasladar isto a unha alegación que presente o propio Concello, os técnicos municipais ao propio parque neste proceso de exposición pública, iso si terá algo de coherencia. Facer un rexeitamento deste tema no Pleno, nin é o órgano correspondente, nin creo que sea a fórmula, nin vamos a conseguir absolutamente nada por mandarlle un escrito á Consellería rexeitando o parque eólico. Teremos que presentar, fundamentar unha serie de conclusións das cales estou de acordo, i creo que xa os técnicos municipais teñen visto algo deste tema, i aportar ou presentar en prazo unha alegación municipal ao parque eólico, parece serio i razoable, isto non parece que teña moita repercusión no momento procedemental no que estamos agora.

**Sra. Belén Louzao do PSdeG.-PSOE.-** Ben, efectivamente señor Alcalde, vostede entenderá que o xeito que nós temos como oposición é traer mocións ao Pleno. Evidentemente, unha alegación por parte do Concello, unha alegación respaldada polo Concello ten sentido i cabe, cabe evidentemente porque xa os prazos están correndo i, como dicíamos, xa o prazo da declaración pública ten rematado, xa o prazo de estudo ambiental está correndo i os técnicos, evidentemente, son os que deben de facer ese informe i sustanciar esta alegación que sexa do Concello. Insisto, o Grupo Socialista o que quere é mostrar, i por eso traía aquí esta moción para buscar este acordo, válenos acordo de alegación, manifestar este rexeitamento a este proxecto tal i como se fai . Evidentemente, pois a través dunha alegación é o xeito adecuado pero vostede, sabe tamén que o que podemos facer nós é trasladar os asuntos ao Pleno a través de mocións.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois si lles parece, o que podemos tomar o acordo, si lles parece a proposta é de tomar hoxe o acordo de que os técnicos municipais analicen a documentación i presenten unha alegación en tempo i forma ao proxecto que está en exposición pública, sustentado en cuestións que aparecen nesta proposta i nalgunhas outras que poden ter os técnicos municipais. Si lles parece tomamos ese acordo hoxe, sometémolo a votación de primeira urxencia, tomámolo acordo i despois si lle damos traslado de forma urxente aos técnicos para que se poñan xa inmediatamente con ese tema.

Señor Magariños ten a palabra.

**Sr. Magariños do BNG.-** Indicar no que estaba dicindo, que se lle pode engadir a esta moción un terceiro punto onde o Concello presentará a correspondente alegación en función dos informes técnicos, e tendo en conta a sensibilidade dos veciños que se opoñen a maioría a este proxecto, porque todos son afectados e beneficiados dous ou tres. Entón, o novo sistema que teñen de crear parques eólicos, menos xeneradores e máis afectados, pero pagan menos diñeiro porque hai menos afectados directos sobre o terreno, pero os afectados por impacto son moitísimos máis, e nese aspecto creo que temos que presentar alegación como Concello.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois si lles parece, tomamos acordo que o Concello Pleno, en desacordo ca instalación deste parque eólico en Cabanelas, trasladamos ese non acordo á propia Consellería, i acordamos que os técnicos municipais formulen a alegación ao propio proxecto en tempo e forma para que sexa recollida i trasladada a quen sexa oportuno. ¿Vale?.

Si, ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PSdeG.-PSOE.-** Dikir simplemente eso, que, posto que é un acordo do Concello en Pleno, que se nos dé traslado aos grupos pois da alegación que se presente, i que se nos dé participación na mesma, porque penso que é o espírito que traíamos hoxe aquí de chegar a un acordo recollendo as peticións dos veciños, poñéndonos do lado dos veciños, pois mostrar este rexeitamento por parte do Concello. Por eso, engadir simplemente que se nos dé traslado, coñecendo a premura de tempo co que hai que facelo.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois tomada nota deste acordo procedemos á votación de urxencia. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade a urxencia i votamos agora o fondo da cuestión. ¿Votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase por unanimidade o rexeitamento ao proxecto presentado i a solicitude dos técnicos municipais para que presenten as alegacións oportunas dentro do prazo corrente.

Apróbase a urxencia da Moción por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Visto que no Taboleiro oficial de anuncios do Concello figura exposto ao público o proxecto **PARQUE EÓLICO DE CABANELAS**, consistente na instalación de 4 aeroxeradores (3 no terme municipal do Concello da Estrada e 1 no Concello de Forcarei).

Visto que este anuncio ten causado un importante malestar entre os veciños e veciñas afectados, ao entender que a súa execución causaríalles importantes prexuízos. Así mesmo, denuncian, que o proxecto sometido a exposición pública é resultado de falta de negociación cos propietarios e propietarias.

Visto que, do análise da documentación do expediente despréndese claras afeccións medioambientais, pois a zona foi catalogada dentro da Rede Natura, constatándose a existencia de especies en perigo de extinción. Ademais, non se propoñen alternativas para as afeccións ás augas, flora e fauna e ao patrimonio catalogado na zona, polo que existen un claro incumprimento dos informes sectoriais.

Visto que, obsérvase ausencia de estudos sociosanitarios ao respecto deste proxecto en concreto, que polas dimensións contempladas implica zonas de afección maiores ás catalogadas pola instalación de xeradores de dimensións máis reducidas en outros parque eólicos. Chegando incluso a incluírse nas áreas de afectación elementos patrimoniais como unha Capela e coa conseguinte perda de valor das casas e

propiedades da zona. Sen engadir os efectos negativos que se derivarán da necesaria liña de alta tensión para a evacuación da electricidade xerada.

Visto que, polo mesmo, a contaminación lumínica, e incluso acústica, derivada, producirá efectos moi negativos nunha ampla zona. Non podendo obviar o dano que se producirá sobre o próximo Observatorio Astronómico de Forcarei. Contaminación que tamén afectará á área de expansión dos animais da Asociación Rapa das Bestas, os cabalos en liberdade verán alterado o seu hábitat.

Visto que, polo negativo impacto medioambiental, pola negativa influencia socioeconómica na zona (con presenza de casa de turismo rural), e pola existencia de datos contraditorios no propio proxecto, resulta cuestionable a declaración de utilidade pública do citado parque eólico, e, por ende, a autorización administrativo e aprobación do proxecto de execución, así como do estudo ambiental.

### **ACORDAMOS:**

1º.- O Concello da Estrada fai súas as preocupación e reivindicacións dos veciños e veciñas afectadas polo Proxecto PARQUE EÓLICO DE CABANELAS, e manifesta o seu rexeitamento á execución do mesmo.

2º.- O Concello comprométese a dar traslado do presente Acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia (con enderezo na Avda Fernández Ladreda nº 43 -36003 Pontevedra), entidade responsable da autorización administrativa, xuntando en tempo e forma informes elaborados polos técnicos municipais ao efecto.

3º.- O Concello presentará unha alegación fundamentada nos informes técnicos municipais.

4º.- Dar traslado aos grupos políticos con representación municipal da alegación á que se refire o punto anterior.

### **B) MOCIÓN DO PsdeG-PSOE RELATIVA Á APLICACIÓN DUNHA REBAIXA NO COEFICIENTE DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.-**

**Sr. Alcalde.-** ¿Non sei se hai algunha outra moción? Ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** Ben, como xa anticippei, vamos a presentar outra moción no día de hoxe, moción que xa fixemos chegar ao Concello por rexistro de entrada, i moción que xa é coñecida polos veciños, posto que, como xa así o anunciamos, no actual contexto económico, na actual crise económica que están a sufrir os veciños i que están a padecer os veciños que cada vez lles costa máis chegar a fin de mes. Hoxe coñecemos os datos do paro, as cifras de paro na Estrada están en cifras históricas, os veciños cada vez teñen máis dificultades. Estamos en setembro, nun mes complicado no que comeza o curso i as familias tiveron dificultades para poder facer frente a estos gastos; un mes no que tamén se coñece que os enfermos que teñen que obter os seus medicamentos nos hospitais van a ter que pagar tamén; un mes no que seguimos tendo recortes en educación, recortes en sanidade; un mes que decíamos complicado. Pero o grave de todo está en que esto non é algo pasaxeiro, é algo que vai a continuar no tempo para os veciños, vai a seguir afectándolles, i, polo tanto, neste contexto de crise económica estamos i temos a decisión en mans do Concello de poder axudar aos veciños dalgún xeito, i eso é a través do tributo local

da contribución urbana, do tributo da contribución das casas, posto que é a maior carga fiscal que se impón aos cidadáns dende o goberno local. Un tributo que nos últimos tempos subeu máis do 140 por cento con respecto ao que se pagaba no 2011. Suprimíuse unha bonificación, unha bonificación que dependía claramente...fora avalada por parte do Concello, unha bonificación que subiu máis do 100 por 100 os recibos i, ademais, por máis inri, tamén outras subidas posteriores que decretou o goberno do Partido Popular unilateralmente dende Madrid.

Como dicíamos, esto que afecta aos veciños hoxe, esto que lles carga as dificultades para chegar a fin de mes, é algo que podemos poñer enriba da mesa, é algo que dentro das posibilidades do goberno municipal se pode modificar i soamente...., é, polo tanto, necesario un acordo do Concello en Pleno. Por eso traemos esta moción hoxe aquí i a traemos con vocación de acordo, a traemos con vocación de poñernos todos do lado dos veciños i de buscar o acordo mellor posible. Por iso, nestos momentos ,cando está a punto de rematar o período de pago dos recibos de 2013, uns recibos que moitas familias teñen dificultades para poder pagar, que incluso teñen que pedir axudas para facelo ou vense obrigados a fraccionar co conseguinte aumento dos intereses do mesmo. Por iso, cando está a piques de cumprirse o prazo de 2013 é bo que a Administración Local, é bo que o Concello en Pleno traballe a favor dos seus veciños i por iso, como dicíamos, é bo que hoxe se leve adiante esta moción, se leve adiante i se poña en marcha unha rebaixa. Unha rebaixa que nós cuantificamos necesaria polo menos do 50 por cento, no tipo, no coeficiente do IBI, no tipo polo que se multiplica o valor catastral e no índice municipal.

Dicíamos, nós cuantificamos niso, estamos abertos, dende logo, como dicíamos, a negociar, a chegar a un acordo entre todos, porque penso que en beneficio dos veciños é como debemos de traballar todos. Os veciños xa están castigados por moitas subidas e, nestos momentos nos que o valor das propiedades caeron, o valor do mercado dos inmobles caeu fortemente, é un despropósito a subida do 100 por 100 i máis tarde a subida que se decretou por parte de Madrid. Como dicíamos, acábese de aprobar un Plan Xeral, un Plan Xeral que vai obrigar i que xera obrigacións tributarias polos cambios de solo. Tampouco nos podemos demorar, tampouco o Concello da Estrada se pode demorar en estudar, en dar transparencia a como vai a quedar, que vai a pasar, que implicacións vai a ter para os veciños, porque se ben agora se pode cambiar aqueles que antes eran urbanos i pasalos a rústicos, tamén vai a ter o efecto contrario. Haberá moitos veciños e veciñas que vexan como lle suben os seus recibos i eso o deben de coñecer, deben de saber ,i esas obrigacións tributarias son dende xa, dende que se aprobou o Plan Xeral. Non caíamos no erro i que despois nos atopemos con sorpresas como lle sucede agora aos veciños i veciñas que a Facendalle reclama polas pensións, que lle reclaman con carácter retroactivo i neso se debe traballar sin demora, sin perder tempo, pero, dende logo, o que é inmediato o que é de recibo facer i o que é moralmente aceptable facer é paliar as fortes subidas que sufriron estes últimos anos i modificar de cara ao 2014.

Por eso plantexamos a necesidade de levar adiante esta moción, plantexamos a necesidade de chegar a un acordo i de acabar dunha vez con este despropósito de que, mentras baixan os valores do solo, mentras baixan os valores dos inmobles, o IBI está subindo máis dun 120 por cento.

**(aplausos)**

**Sr. Alcalde.-** Non sei si...señor Magariños ten vostede a palabra.

**Sr. Magariños do BNG.-** Si, si ben nós vamos a presentar tamén unha moción por urxencia tamén vinculada ao tema do IBI, si pensamos que se debe...vamos a apoiar que se debata esta moción porque sempre fomos partidarios de que o Pleno é o lugar onde debatir as cuestións que importan aos veciños, para canto máis esta moción, o tema do IBI.

Como ben dicía a portavoz do Grupo Socialista, estamos nunha situación económica grave, situación económica xenerada por decisións políticas, por decisións de goberno, neste caso do Partido Popular, como foi aprobar a derogación da bonificación que tiña A Estrada do 37,5 por cento no recibo do IBI, outra decisión que aprobou o Partido Popular como foi subir os tipos impositivos do 0,5 no 2012 ao 0,6 no 2013 o que, como ben di a portavoz do Grupo Socialista, pasamos no Concello da Estrada a ter un incremento do 140 por cento. Outra decisión política foi legalizar o roubo das preferentes e subordinadas. Outra decisión política foi tratar aos pensionistas retornados como delincuentes, si ben aquí hai que recoñecer que o Partido Popular se basa nunha disposición aprobada no 2006, que, bueno, ata o de agora nunca se levou a cabo, pero agora o Partido Popular vese que está escaso de diñeiro decide poñela en funcionamento e tratar á xente traballadora que traballou toda a vida para unha...unha..un...ter uns mellores recursos de cara a súa xubilación como se foran auténticos estafadores, e agora se lle está reclamando con carácter retroactivo as súas...que paguen a Facenda o que non...nunca nadie lle dixo que tiña que cumprir con esta misión.

Por eso vamos a apoiar que se debata esta moción pero non a vamos a apoiar, non vamos tampouco a votala en contra porque nós temos outra proposta que creemos que é máis realista, que se basa en retomar o que xa tiñamos, simplemente teríamos que derogar un acordo plenario. Esta moción do 50 por cento pensamos que é moito máis complexa porque levaría moito máis trámite burocrático i, a outra, sería máis...máis rápida, a parte de que pedimos a retroactividade ao 2013. Si se lle pode cobrar aos xubilados con carácter retroactivo 5 anos para atrás uns cartos que gañaron honradamente, eu creo que é máis fácil devolver simplemente o que se cobrou a maiores nun ano. Por eso reitero que vamos a apoiar que se debata a urxencia, pero non nos vamos a opoñer pero tampouco vamos a votar a favor da moción do Grupo Socialista.

**(Aplausos)**

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois creo que estamos abrindo demasiadas cuestións nun debate sobre a urxencia dunha moción concreta ¿non?. Creo que se tocaron demasiados asuntos, aínda que a idea deste goberno como sempre é debatir sobre as distintas cuestións e intentar buscar solucións. Por eso este goberno tamén ten propostas en canto ao IBI i creo, ademais, que este non é o sitio, i saben vostedes que nós sempre intentamos apoiarnos na legalidade i no regulamento, i a legalidade i o regulamento din que este tipo de debates non son produto dun Pleno sin antes ter pasado polas distintas comisións informativas. Eu creo que aí debemos de chegar, si a vontade de todos é chegar a acordos que eu creo que sí , i si é a vontade de chegar a solucións, eu creo que tamén, este goberno ten encima da mesa agora mesmo propostas para aplicar de forma definitiva unha rebaixa no IBI do 35 por cento; creo que é unha cifra considerable i tendo en conta, ademais, que eu sempre o dixen, que pedindo un esforzo excepcional aos veciños para anular unha bonificación que non era xustificable nin defendible nun momento no que había que asumir un pago dunha deuda dun Concello en quebra técnica, que ,como ben saben vostedes, se debía 1.800.000 euros e fomos quen de pagalos sen acudir a un préstamos a provedores. Eu cada vez que din vostedes onde se meteu o diñeiro do IBI eu llo explico facilmente, si quere lle enseño o paquete de facturas que

pagamos cando chegamos ao goberno que deixaron vostedes sen pagar, sen contrato, sen procedemento de contratación i sin ningún outro trámite administrativo, i este goberno tivo que asumilo sin ir a un préstamo, sin ir a un...ao plan de financiación a provedores como foron o 80 por cento dos concellos de España ¿non?. Por eso creo que esa xestión está feita cun esforzo importante, nós temos que pagar o que deixan outros a deber pero é a nosa responsabilidade i o temos que facer, ese esforzo, pedimos no seu momento, foi un esforzo importante que se lles solicitou aos veciños da Estrada i este ano, como xa decía, temos unha proposta para rebaixar un tercio o importe correspondente á contribución, i por eso lles emplazo, porque este goberno tamén ten propostas i as quere debatir, a que as debatamos nunha comisión informativa. Non ten urxencia ningunha a proposta do BNG posto que da igual acordar a súa proposta neste pleno que no pleno do mes de novembro. Non teñen ningunha urxencia tampouco a proposta do Partido Socialista porque non ten efectos no período 2013 i, polo tanto, si que estamos abertos a todo tipo de negociación i a chegar a un acordo definitivo para poder solucionar un problema, que xa dixen, tendo en conta a anulación da bonificación que era necesaria, non estamos de acordo coa subida do tipo impositivo, creo que foi...tiña...o goberno central tiña que haber permitido que os concellos, en función das nosas posibilidades, tomáramos unha decisión i non interferir nas competencias propias dos concellos que é a fixación do tipo impositivo do IBI; i recordar que A Estrada ten o tipo no 0,4 que é o tipo mínimo legal que existe, non pode ser máis baixo, o tipo máis baixo que existe...somos dos poucos concellos que temos o tipo no 0,4 i seguiremos mantendo ese tipo impositivo do IBI e intentando seguir mantendo a flote a economía local, que a veces é difícil pola cantidade de servicios que presta o concello.

Polo tanto, votaremos en contra a urxencia a esta moción i a aplazamos para que así podemos xa na semana que ven, traballemos na comisión informativa para chegar a un acordo unánime en canto ás medidas a adoptar para rebaixar o IBI que, xa digo, este goberno está en condicións i en disposicións de poder presentar propostas que teñen un impacto, xa digo, de máis do 35 por cento no recibo do IBI do ano 2014.

Si, estamos debatindo a urxencia non creo que si...ten vostede a palabra señora Louzao

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Ben, o de si é urxente ou non, evidentemente a urxencia o que lla da é a situación económica dos veciños e das veciñas, eso é o que lle da a urxencia a este tema, o interese que ten este tema para os veciños i a situación que padecen i o que sufren. ¿Que non é este o sitio para debatilo?, home, neste pleno, evidentemente, como dicía o BNG, é onde se debaten os temas de interese social para os veciños, i este é un deles. ¿Que se convoca unha comisión?, estamos de acordo i a pedimos...a pedimos por escrito i non se convocou pois porque non se considerou pertinente, pero estamos de acordo en convocala, i o dixemos, estamos de acordo en chegar a unha negociación i facer o mellor para os veciños i ver pois si o mellor é o 50, o 60, o 30 o 40...cal é o mellor para os veciño,s pero facelo i facelo xa, non perder máis tempo, porque como todo o mundo sabe hai que dar traslado non soamente do acordo que se adopte ao respecto, non soamente ao pleno, se non que hai que dar traslado a máis institucións i facelo como corresponde, con publicacións i demais.

A proposta que plantexa o grupo do BNG, si a quere debatir, nós apoiaremos a súa urxencia tamén sen ningún inconveniente, nos parece ben, foi unha subida que foi moi forte, ese 37 por cento que estaba de bonificación estaba para...sustentábase nun problema que había de valoracións, problemas de valoracións sobre valoracións que estaban constatados i por eso se chegara a esa bonificación. Polo tanto, dicimos, o traemos aquí porque a urxencia lla da a situación que

padecen os veciños, a situación...o que se lles está a cobrar por este recibo, o que se lles subiu este imposto i a situación que lles da o mesmo. Agora ben, dicir que se deixou o Concello en quebra técnica é mentir, i mentir apoiándose nesta moción porque é xustificar unha subida que non ten xustificación. Foi unha decisión unilateral que tomou o grupo de goberno subir, retirar a bonificación, polo tanto o que se está a facer cos cartos do IBI vostede o decía, tamén pode decirnos que é contratar vallas publicitarias, contratar cuñas na radio, contratar follas de prensa eso tamén é propaganda estéril, eso tamén é o que se está a facer cos cartos dos veciños i neso tamén hai que ser responsable. Si vostedes queren que esto vaia por urxencia hoxe terán o noso apoio sempre en defensa dos veciños i baixar este tributo inxusto nestos momentos nos que o precio do solo i das vivendas está baixando. Si vostedes queren convocar unha comisión dicir que nós xa a temos pedido, estamos abertos, i estamos abertos, como dicíamos, a chegar a un acordo. Polo tanto, seguimos mantendo a urxencia de esta moción i seguimos estando abertos a discutir i a chegar a acordos sobre a mesma.

**(Aplausos)**

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, señor Magariños, sí ten vostede a palabra.

**Sr. Magariños do BNG.-** Reiterar o noso apoio ao debate da urxencia porque consideramos que se debe debatir, ía argumentar na presentación da urxencia da miña moción, pero bueno vouno dicir agora. Si realmente o Partido Popular tivese ganas, estivese realmente preocupado pola situación dos veciños e veciñas en canto aos tributos que pagan neste Concello, convocaría a Comisión de Facenda e trataría a moción que presentou o BNG o día 20 de setembro, creo que houbo prazo máis que suficiente para tratala e debatila, e non estaríamos na tesitura de ter que traer aquí esta urxencia. O que pasa é que moito nos tememos que o Partido Popular se dou de conta que para o ano é 2014, son vésperas das eleccións que se van a celebrar no 2015...

**(Aplausos)**

**Sr. Magariños do BNG.-** E aí é onde...onde ven realmente o apuro. Dicir...dicir tamén, como xa lle reiterei, a moción do Grupo Socialista non a vamos a apoiar, tampouco vamos a votar en contra a bonificación que vostedes nos presenten na Comisión dado que non a vamos a coñecer hoxe. Non vai a ter o noso voto en contra, eso xa llo podo garantir, porque non nos vamos a opoñer a nada que sexa en beneficio dos veciños. O voto a favor ou a abstención dependerá do que alí se nos presente, xa lle adianto que o BNG non se vai opoñer a ningún tipo de medida paliativa á situación de emerxencia económica que están sufrindo os veciños e veciñas da Estrada por decisións políticas de quen nos goberna, e neste momento nos goberna o Partido Popular na Estrada, en Santiago i en Madrid.

**(Aplausos)**

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, pois creo que queda suficientemente claro que todos estamos pola labor de buscar unha solución a este tema. Eu xa digo que para nós é importante acertar na fórmula, porque sempre, dentro dos límites máximos que nos permite a legalidade i os hai...i os hai, hai fórmulas dentro da lei que nos permitan... xa digo, aproximarnos a entorno ao 35 por cento dunha bonificación que eu creo que son cifras máis que considerables i xa lles adianto que esa proposta nos situará incluso por debaixo do nivel de recaudación do



ano 2012, i bueno, estamos falando dun descenso da recaudación aproximado, para que vostedes se fagan unha idea, de 850.000 euros para o ano 14, que deixará de recibir o Concello en concepto de contribución urbana. Son cifras xa importantes que creo que, ademais, merecen a pena estudialas i, este goberno, está pola labor de facer un esforzo, aínda así manter os servizos básicos que eu creo que está a prestar nunhas condicións bastante difíciles neste momento de situación económica difícil para todos, para as familias pero tamén para as administracións que non o están pasando...que non o están pasando ben. Así que creo que o afán é chegar a ese acordo i creo que as propostas non distan moito de poder ser aceptadas ou, polo menos, trasladadas dunha forma conxunta a esta sesión plenaria i, en esa liña, pois, eu os emplazo a debatilo na seguinte...na próxima comisión de Facenda, que se convocará de forma ...intentemos na semana que ben, para analizar as tres propostas dos tres grupos políticos, intentar chegar a un acordo, i o desexable sería que ese acordo fose unánime para que tódolos veciños se visen representados i se visen apoiados por un goberno i por unha oposición, por unha corporación municipal que intenta dar pasos na solución aos problemas dos veciños.

Facemos, polo tanto, a votación da urxencia da moción do Grupo Socialista, ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? ¿Abstencións? Rexeitase por maioría.

**A Urxencia da Moción de rexeitada polos votos en contra do Partido Popular (11) e a favor do PsdeG-PSOE (8) e BNG (1).**

**Sr. Alcalde.-** Non sei si hai algunha outra moción? Ten a palabra o señor Magariños.

**C) MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á RECUPERACIÓN DA BONIFICACIÓN DO 37,5% DE TODOS OS RECIBOS DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.-**

**Sr. Magariños do BNG.-** Continuando co mesmo tema, como xa dixen antes, traio aquí unha moción que presentamos por rexistro con data do 20 de setembro a primeira hora da mañá, que eso tamén ao mellor é importante puntualizalo, porque non sería o mesmo se fora ás dúas cando pecha, pero bueno, houbo tempo máis que suficiente para debater esta moción porque se presentou en prazo i en forma, e podía estar neste momento debaténdose no pleno. Traémola tamén por urxencia porque hai unha serie de prazos que cumprir como xa ben sabe, calquera acordo que se tome no pleno vinculado a estas cuestións necesita uns trámites burocráticos e para nos é irrenunciable o carácter retroactivo da bonificación do IBI que se aplique a todo o 2013. Como xa dixen antes, si se lle pode cobrar aos veciños e veciñas o que con carácter retroactivo de cinco anos para atrás, e Facenda non cobra máis porque a lei non llo permite senón máis lle cobraría, é máis fácil devolverlle o que se lle cobrou de máis neste ano. Todos sabemos que a bonificación que tiña o Concello da Estrada do 37,5 por cento (por certo, bonificación que aprobou en solitario o BNG e levouna adiante), bonificación que non é ilegal porque non hai ningún tribunal que a declarara ilegal, non hai ningunha sentenza que diga que a bonificación que tiña o Concello da Estrada era ilegal. Eu non entendo esa postura que ten o Partido Popular en declarar ilegal algo que non o é, pero bueno...en fin, continuamos. Como xa ben dixo a portavoz do Grupo Socialista, estamos nunha situación de emerxencia económica pola situación na que estamos, como xa dixen antes, tamén situación económica tomada por decisións de quen nos goberna, e volvo a repetir, neste momento goberna o Partido Popular en tódolos sitios, e non pode escudarse que necesitamos apoios de...goberna con maioría absoluta en tódolos

sitios é responsable das súas decisións, é responsable de suprimir no Concello da Estrada o 37,5 por cento de bonificación que tivemos, é responsable de subir a taxa impositiva do 0,5 e o 0,6, pasando do 0,4 ao 0,5 ao 0,6, i esto trouxo a consecuencia que sempre anunciou o BNG, os valores catastrais na Estrada estaban mui altos, no momento que algún goberno decida subir o tipo impositivo que era o máis baixo que permitía a lei se van a disparar o que pagan os veciños e veciñas polos seus valores, polas súas propiedades e aí está a realidade. Estamos pagando cifras que se corresponden con cidades importantes e o momento económico, a riqueza que hai na Estrada non é o mesmo, non vale o mesmo unha propiedade inmobiliaria no Concello da Estrada que no Concello de Santiago, que no Concello de Pontevedra, Vigo, Coruña, etc, e xa non vaimos para alá do Padornelo.

**(Aplausos)**

**Sr. Magariños do BNG.-** Repito, estamos nunha situación económica grave orixinada por decisións políticas, decisións como legalizar o roubo das preferentes, decisións como cobrarlle aos veciños e veciñas que estiveron traballando toda unha vida fóra e agora retornan a disfrutar da súa xubilación algo do que nunca nadie lle informou. Os estamos tratando como delincuentes cando, o único que son, son traballadores e se lle está intentando roubar os cartos. Si se lle pode reclamar a un cidadán 22.000 euros en concepto de atrasos por a tributación do IRPF, é máis fácil devolver o que se lle cobrou de máis neste ano 2013 polo IBI, xa digo, é solo un ano.

É importante aprobala neste momento, por eso a traemos por urxencia, como xa dixen, polos prazos, pero aparte é importante porque non vaia ser o demo que se lle ocorra ao señor Louzán querer instalarnos outro campo de fútbol na Estrada e entonces....

**(Aplausos)**

**Sr. Magariños do BNG.-** Mal vamos...mal vamos...mal vamos...mal vamos, e como supoño...como supoño que, unha vez aprobada esta bonificación, volverá a cordura no gasto deste Concello. E, home, non creo que o Alcalde da Estrada vaia pedindo porta por porta para facer o campo de fútbol ¿non?, non creo que se trate diso, porque tampouco é tan necesario un campo de fútbol. Entón, curémonos en saúde, dediquemos os cartos ao que temos que dedicalos, e non a campos de fútbol que nadie necesita e que nadie pideu.

**(Aplausos)**

**Sr. Magariños do BNG.-** A xente ten problemas agora no 2013, non no 2014.

**Interrompe o Sr. Alcalde.-** Señor Magariños...

**Sr. Magariños do BNG.-** Estoulle argumentando a urxencia.

**Sr. Alcalde.-** Non... pero perdone, vamos a ver...creo que argumentando a urxencia, creo que vostede se está desviando do tiro bastante. Eu creo que estamos sendo permisivos todo o que vostede queira, oe...aquí pode falar...

**Público.-** Déixeo falar!!!!..... **(ruído)**

**Sr. Alcalde.-** Pode falar vostede todo o que lle pareza, que sabe que aquí nós, en principio, nunca houbo un reglamento que fixara as intervencións i creo que ademais sempre se levou con bastante cortesía, pero por favor pídlle que se centre un pouco no

que estamos debatindo i usted está xustificando a urxencia, está intentando xustificar a urxencia dunha moción que pretende que este pleno debata nesta sesión. Por favor, lle pido un pouco de rigurosidade e de seriedade, está moi ben...está moi ben o teatro pero...céntrese...

**(ruído entre o público)**

**Sr. Alcalde.-** Céntrese no que ten...

**Interrompe o Sr. Magariños do BNG.-** como vostede sabe...

**Sr. Alcalde.-** Señor Magariños, nada...remato xa...

**(Ruído entre o público)**

**Sr. Alcalde.-** Céntrese...céntrese vostede no...no punto en que estaba.

**Sr. Magariños do BNG.-** Como...como vostede sabe as miñas intervencións caracterízanse pola brevidade, creo que estamos ante un tema que merece dedicarlle todo o tempo que sexa necesario e estoulle argumentando a urxencia, despois pasareille a argumentar o fondo da cuestión e, sen máis, entón volvo a reincidirlle, hai un prazo que cumprir, esta moción se presentou en tempo e forma, non teríamos que traela, desde logo non era a intención do BNG traela por urxencia, se non non a presentaríamos o 20 de setembro, loxicamente a presentaríamos hoxe pola mañá polo rexistro para que estivera rexistrada e a trataríamos hoxe. Trouxémoslla en tempo e forma para tratala por urxencia, foi o Partido Popular o que non quixo traela a debate, de aí esta urxencia porque creemos que a urxencia realmente do Partido Popular son as eleccións e non os problemas dos veciños.

**(Aplausos)**

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Magariños moitas gracias pola súa...si, vale, ten a palabra a señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** Moi ben, moitas gracias. En primeiro lugar decirlle ao representante do BNG que parece que neste Concello presentar as cousas en tempo en forma por rexistro non é relevante. Polo tanto, as mocións que se presentan, pois, hai que traelas por urxencia, porque non se debaten en comisión a pesar de ir en tempo e forma. Dicir, con respecto á urxencia da moción que plantexa o BNG, que apoiamos dita urxencia e a apoiamos en base tamén ao que xa temos manifestado na moción anterior, a urxencia a da a situación que están a padecer os veciños, a urxencia a da as dificultades que teñen as familias, a urxencia a da a realidade, subidas, medidas retroactivas, medidas recadatorias, subidas de impostos cando se dixo que non...a urxencia a da todos esos cambios nas regras de xogo que se lle están a facer aos veciños, que son os prexudicados, porque o que se está a facer por parte dos distintos gobernos do Partido Popular é, vouno a dicir claramente, chuparlle a sangue a un enfermo grave, pero o enfermo grave non é o Concello que fai campos de fútbol, o enfermo grave son os veciños e as veciñas que, mentras outras persoas delincuentes reciben amnistías fiscais para traer os seus cartos de Suíza, os veciños e as veciñas ven como se lles sacan os cartos...

**(Aplausos)**

**Sra. Belén Louzao do PS de G-PSOE.-** Ven como se lles sacan os cartos con subidas reiteradas de impostos a pesar de ter dito que non se ían a subir os impostos. Como cada vez teñen que pagar as medicinas máis a pesar de ter dito que a sanidade non se tocaba. Ven como se lle recortan as becas aos seus fillos a pesar de ter dito o Partido Popular que a educación era intocable. Iso é o que lle da a urxencia tanto á moción anterior como a esta moción, i por ese motivo nós si vamos a apoiar esta urxencia, i, como dicíamos, si se chega a un acordo, se os tres estamos de acordo, levemos adiante ese acordo, adoptemos o acordo de rebaixar, simplemente nos falta por decidir cal vai ser a porcentaxe, cal vai ser o tipo. Pero dicíamos, ten que ser algo que palie, que os veciños vexan porque ten que paliar non só o 2014 senón os efectos que tiveron, os efectos graves sobre as economías familiares de 2012 i 2013, porque iso é o que levou as familias a estar onde están hoxe, esas subidas, isos gastos a maiores que se lle impuxeron unilateralmente dende o Partido Popular, porque a bonificación da que fala a moción do grupo do BNG foi unha bonificación que estaba aprobada, que foi aprobada polo Concello da Estrada e que ninguén retirara, retirou o goberno actual de xeito unilateral e porque quixo, o decidiu el, non o decidiron o resto dos grupos, o decidiu o goberno, i eso tuvo unha forte repercusión sobre os veciños da Estrada.

Polo tanto nós si vamos apoiar a urxencia da moción do BNG, i si vamos a apoiar, como decimos, aquilo que favoreza aos veciños, porque, dende logo, iso é o que debemos facer os políticos, é o que debemos facer, defender os intereses dos veciños, non mentirlles, non subirlles impostos para dicir que é no seu beneficio i despois gastar en propaganda i en publicidade i en cousas i servicios que os veciños non necesitan. Isto é o que ten que facer un concello, non medidas recadatorias, o que ten que facer o Concello é traballar polos seus veciños e velar pola prestacións dos servicios. Si vamos a apoiar a urxencia desta moción.

**(Aplausos)**

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias señora Louzao que bonito é estar na oposición, que bonito é falar desde a oposición...

**(Apupos)**

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** De nada Señor Alcalde, pásese vostede cando queira...

**(Apupos)**

**Sr. Alcalde.-** Cando un non ten...cando un non ten responsabilidades de goberno, cando un non ten que tomar decisións, cando un lle pode...pode enganar sin ningún tipo de pudor nas súas afirmacións pois e...

**(Apupos do público)**

**Sr. Alcalde.-** Sin ningún tipo...sin ningún tipo de responsabilidade...creo que...

**Sra. Belén Louzao do PS de G-PSOE.-** que bonito é ser o Alcalde e dicir o que un quere e non deixar falar aos demais.

**(Aplausos)**

**Sr. Alcalde.-** Creo que é moi bonito...creo que é moi bonito...pero...pero aí non vai a encontrar a un goberno serio i riguroso que intenta tomar decisións i que non queren gañar, quere

decir a verdade e, ata agora, e que parece que a vostede lle preocupa moito ou lle lastima que este goberno aprobara o Plan Xeral, parece que vostede ten unha certa...

**(Apupos do público)**

**Sr. Alcalde.-** Preocupación de...de recoñecer que este foi o único goberno que en trinta anos foi capaz de aprobar un Plan Xeral de Ordenación Municipal na Estrada...

**(Ruídos)**

**Sr. Alcalde.-** Por certo, un Plan que vostedes aprobaron o prometeron...que prometeron durante catro anos i o deixaron nos tribunais, que agora, por certo, lle digo tamén que a súa xogada dos tribunais xogada política que fixeron un mes antes das eleccións, eso sí que llo podo dicir nos vai a costar 8.500 euros de minuta que lle temos que pagar ao avogado...o avogado que nombraron vostedes...

**Interrompe a Sra. Belén Louzao do PS de G-PSOE.-** Señor Alcalde ¿eso ten que ver ca urxencia da moción?

**Sr. Alcalde.-** Si, o avogado...

**Sra. Belén Louzao do PS de G-PSOE.-** Claro, vostede pode poñer as regras que quere pero non respeta as regras que vostede mesmo establece.

**Sr. Alcalde.-** o avogado...o avogado que contrataron vostedes para poñer unha demanda no xulgado contra a Xunta de Galicia para lavar a cara na súa incapacidade de aprobar o Plan Xeral nos acaba de pasar a minuta agora, e son 8.500 euros, eso si llo podo dicir, que o ten que pagar este goberno. Ademais de 150.000 euros que pagou, ¿Acórdase vostede do "rock and clown"? ¿acórdase do "rock and clown", non?, que o fixeron vostedes e o pagamos nós, aquel festival que fixeron aquí que costou 150.000 euros i que tuvo que pagar este goberno. I outras moitas lindezas, i ao final a responsabilidade dun goberno ven derivada pola irresponsabilidade dun goberno anterior. Claro, é que aquí si falamos do presente i falamos da situación económica de España i dos problemas que ten este país i obviamos a época de oito anos na que gobernou o señor que vostedes agora non nombran que é Rodríguez Zapatero que deixou arruinado...

**(Apupos do público)**

**Sr. Alcalde.-** que deixou arruinado este país...que deixou...

**(Apupos do público)**

**Sr. Alcalde.-** Un país ao borde da quebra, i que a un goberno lle toca tomar decisións responsables para intentar solventar un problema. ¿Recordan vostedes que fai un ano tódolos países, toda a Unión Europea estaba pendente da quebra técnica de España? ¿I de que España iba a ser rescatada por un goberno que foi incapaz de xestionar unha crise económica?, i a nós cas decisións que se tomaron...

**(Intervencións do público, ruído)**

**Sr. Alcalde.-** Este...esta sesión. Eu creo que estamos intentado levar o tema i vostedes...vostedes van a ter...vostedes van a ter a posibilidade de intervir...van a ter a posibilidade de intervir

despois, no momento de participación pública, i vamos a estar aquí o tempo que vostedes necesiten, pero agora lles pido por favor que respeten, i por favor llo pido tamén, que non se vertan insultos sobre ningunha das persoas que están aquí nin dun grupo nin do outro, porque eu teño que velar porque esto se desenvolva con certa normalidade i creo que, ademais, somos todos persoas serias i responsables i así...i así estou convencido...estou convencido que así o faremos. Pero sin...sin irnos máis polas ramas deste tema eu creo que hai que tomar decisións responsables, é inevitable eu creo que facer demagogia de determinados temas cando un é o máximo responsable dunha situación de quiebra técnica dun país, é moi sencillo pero eu podería falar aquí das responsabilidades de cada un...

**(Ruído do público)**

**Sr. Alcalde.-** Das responsabilidades de cada un i dos compromisos que ten, i das decisións que ten que tomar. Eu creo que nadie quita a importancia que ten este tema, eu, en ningún caso, nunca dixen aquí que eu non quixera debatir este tema no Pleno i creo que aí pois unha vez máis a portavoz do Partido Socialista non está moi acertada, porque eu non dixen eso como ela dí que eu dixen, i eu digo que o vamos a tratar nunha comisión informativa como corresponde. Sabe o señor voceiro do Bloque Nacionalista Galego que eu durante o mes de setembro tuven reunións tanto con responsables do ORAL como do catastro, para intentar plantear unha serie...unha serie de batería, unha batería de medidas en relación ao tema do IBI e ao tema da contribución. Agora entendemos que temos unha serie de medidas que poden ser aceptables i que digo máis, como dixen antes, reducirá pois o efecto do IBI en máis dun 35 por cen. Creo que son cifras nada desdeñables, estamos falando de 850.000 euros, i esas propostas as poñeremos encima da mesa na comisión, as debatiremos, i eu estou convencido que, como temos altura de miras, chegaremos a un acordo para darlle solución a este problema. Así que procedemos á votación deste...

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** Por alusións...por favor por alusións, señor Alcalde.

**Sr. Alcalde.-** Ten a palabra...

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** perfecto, por alusións...pido a palabra por alusións

**Sr. Alcalde.-** Ten a palabra...ten a palabra señora Louzao.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.-** Perfecto. Vamos a ver, fixo vostede unha alusión directa antes a min i por eso lle quero responder. Comezo por dicir que vostede, que parece aficionado ás cuñas publicitarias tamén as hai sobre clínicas de audición, non poña na miña boca cousas que eu tampouco dixen, senon se poden ver as gravacións deste pleno, i a nós non nos preocupa que se teña aprobado o PXOM, nos preocupa as consecuencias que eso vai a ter sobre os veciños i que os veciños as coñezan. Por eso, pedimos unha comisión para debatir ese tema, por eso pedimos que se leve adiante canto antes i que se lles diga aos veciños o que vai a pasar co mesmo, que se lles diga aos veciños de Lagartóns que vai a pasar cos seus terreos, que se lles diga aos veciños do rural que vai a pasar cos seus terreos i saber, hai que poñerse do seu lado e intentar que sexa o menos posible gravoso, porque se xa hai dificultades para pagar agora o IBI, problemas vai a haber despois, i canto máis se tarde en esto despois virán os problemas de retroactividade como están a sufrir agora as persoas ás que o goberno do Partido Popular

lles quere cobrar por ser pensionistas i ter traballado no estranxeiro. Por eso lle digo, a nós non nos preocupa eso, non se preocupa vostede do que nos preocupa a nós, porque como xa sabemos o seu discurso, xa sabemos cal é a súa resposta, a culpa é toda do PSOE, somos os culpables dos males do mundo, pero señor Alcalde, as responsabilidades de goberno tenas vostede agora....

**Sr. Alcalde.-** Xa...xa

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.-** Vostede é o que decidiu sacar a bonificación do IBI, vostede é o que decidiu subila, vostede é membro do Partido Popular, o partido que está a levar adiante unhas subidas indiscriminadas, e non só no IBI, ¿quere que lle recorde as outras todas?, ¿quere que llas recorde? Os veciños téñenas moi frescas: sanidade, subidas tamén cada vez que van a comprar, subidas cada vez que van a comprar os libros dos seus fillos, subidas i mentiras que o seu partido lles da cando lles di que non vai a facer unha cousa i logo a fai. Polo tanto, deixe de botarlle a culpa ao Partido Socialista e asuma as súas responsabilidades, i non gaste os cartos de todos en propaganda estéril i barata, señor Alcalde, en facer cousas que os veciños non necesitan, eso é responsabilidade de goberno, eso é responsabilidade de goberno.

**(Aplausos)**

**Sr. Alcalde.-** Moitas gracias...moitas gracias señora Louzao, por eso os veciños os puxeron a vostedes na oposición...

**(Intervencións entre o público)**

**Sr. Alcalde.-** Por eso...por eso...por eso o que está decindo vostede os puxeron...os puxeron a vostedes fai...en catro anos tempo record na oposición. Gobernaron catro anos, un goberno fantástico que o fixo todo tan ben, tan ben que en catro anos perderon unhas eleccións esa é a realidade...esa é a realidade que lles tocou vivir a vostedes, i a realidade que puideron acertar i ver os nosos veciños i, polo tanto, eu o que lle vou a dicir é que vamos a convocar esa comisión, que vamos a analizar...que vamos a analizar a situación a corto i a medio prazo, que vamos a ver o tema do impacto que ten a aprobación do Plan Xeral, que si que está aprobado o Plan Xeral, que está aprobado definitivamente, está en vigor. Por certo hoxe xa lle digo...xa lle digo que hoxe xa presentaron algunha solicitude de licencia para algunha construción dunha edificación, o cal a min me produce unha extremada alegría ver como hoxe o rexistro xa dou acollida a algunha licencia, a algunha solicitude de licencia con algún proxecto para ver que, despois de dez anos, na Estrada sepode construír no rural. Despois de dez anos que se di pronto, desde o ano...desde o ano 2002 se pode facer vivendas no rural i podemos volver a fixar poboación nas nosas aldeas, i podemos volver a apostar por vivir no rural i vivir do rural que creo que é o que nos debe de levar a tomar determinadas decisións i falaremos a corto prazo dese tema, que si é certo que vai a ter unha repercusión i falaremos a medio prazo da ponencia tamén, que terá as súas repercusións da ponencia de valores que, en principio, eu xa digo que non é automática. En principio tamén digo que non é retroactiva outra das mentiras que lles gusta a vostedes meter medo, non é retroactiva os efectos da ponencia, eso é unha auténtica barbaridade que se lle ocorreu a vostedes igual que dicir en vinte e catro horas que coidado que a ponencia vai a ser un desastre i, ao día seguinte, presentar un escrito solicitando unha nova ponencia, eso é a dualidade que teñen vostedes na súa xestión, que son capaces de dicir unha cousa i exactamente a contraria dependendo o foro donde estén, i como nós non somos así...

**(Apupos por parte do público)**

**Sr. Alcalde.-** Porque nós somos serios i responsables i temos que tomar decisións porque nos obrigan a tomar decisións, porque a situación das administracións públicas é dramática i si alguén non o quere entender pois temos un problema. Que a situación é dramática i estamos ó borde da quiebra por unha xestión nefasta que nos deixaron na ruína, pois as decisións eu creo que a nadie se lle escapa que aquí se está para asumir a responsabilidade con rigor i nós intentamos facelo co maior rigor posible. Señor Magariños a última intervención.

**Sr. Magariños do BNG.-** Tres puntualizacións ás súas palabras. Falaba de que unha cousa era estar na oposición i outra gobernar, lémbrolle que a bonificación do 37,5 por cento a aprobou o BNG estando na oposición, a responsabilidade se ve no goberno e na oposición. O BNG gobernou con esa bonificación non a suprimiu. Outra cuestión, fala das reunións co ORAL, indicarlle que o ORAL é simplemente unha oficina recadadora, o ORAL fai o que se lle manda, nada máis, de pouco vale reunirse con eles porque fai o que se lle manda. Outra cuestión, fala tamén das reunións co Catastro que está levando a cabo vostede de maneira unilateral, lembrarlle tamén que a situación que ten A Estrada no IBI é fruto das reunións que mantivo con Catastro ou ó mellor ás faltas de reunións, eso non o sei, porque o levou un ex-alcalde do Partido Popular que deixou tamén a este concello na ruína...que deixou a este concello na ruína...que deixou a este concello na ruína, non digo alcalde digo goberno do Partido popular, loxicamente, loxicamente. Levou...que mantivo as reunións con Catastro e a ponencia de valores de repente apareceu un día no caixón onde nadie a coñeceu ata que xa estaba aprobada, unha das cousas que máis medo nos da estas reunións que mantén o Alcalde con Catastro. Outra das cousas que lle pedimos é que abra estas reunións ós grupos municipais e non só eso incluso tamén ós veciños. Si estamos empezando a traballar xa de cara a unha nova ponencia de valores pídolle que se abra á veciñanza da Estrada o coñecemento desta nova ponencia de valores.

**(Aplausos)**

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Magariños. Bueno eu...cando...cando se fala ou cando lle escriben o discurso outros suele cometer erros garrafales e vostede é boa persoa que eu sei, pero comete erros a veces de pouco rigor. ¿Fala vostede dun goberno que deixou , di vostede un goberno do Partido Popular que deixou este Concello en banca rota?, ¿é o que acaba de decir vostede? O goberno do Partido Popular deixou superávit presupuestario de 1,7 millóns de euros, 1.700.000 euros de superávit e vostedes deixaron un pufo de 1.800.000 mire vostede...

**(Ruido)**

**Sr. Alcalde.-** Mire vostede a diferenza...a diferenza que hai entre unha xestión e a outra, de deixar un superávit de 1.700.000 a deixar un burato de 1.800.000, esa é a diferenza na xestión, e que fale vostede deso a verdade que, sinceramente llo digo, mire ben quen lle escribe os discursos porque vostede non é así, vostede non fala así, a vostede escribenlle o discurso...o discurso outras persoas, i claro, cando llos escriben suele pasar esto. Igual que no do campo de fútbol, fixo vostede unha aportación...fixo vostede unha aportación moi boa, que falaba de que o Alcalde fora porta por porta ou podía ir porta por porta pedindo polo campo, eso xa pasou, eso é historia na Estrada, ¿non sei se coñece vostede?, pero o anterior



campo de fútbol se construíu en parte pola axuda dos veciños porque creían necesario ter unhas instalacións acordadas ao que A Estrada merecía, i tamén lle digo outra cousa, por se vostede non o sabe, ¿sabe canto deixou vostede presupostado o seu goberno cando marcharon...cando perderon o goberno da Estrada para o campo de fútbol?, medio millón de euros...vostedes, medio millón de euros consignados da Deputación de Pontevedra...da Deputación de Pontevedra 500.000 euros para o campo de fútbol, i este goberno o que fixo foi conseguir outro medio millón máis i facer unhas novas instalacións i liberar os terreos da Baiuca a coste cero para facer o futuro da prestación dos servizos da Estrada, a coste cero, eso se chama xestión urbanística, a coste cero liberar 30.000...liberar 30.000 metros cadrados...

**(Ruído entre o público)**

**Sr. Alcalde.**-Liberar...liberar 30.000 metros cadrados, recuperar 40.000 metros na Academia Galega de Seguridade que din vostedes: ¡no! E que eso xa o tiñan que reclamar. ¿Sabe quen lle cedeu os terreos definitivamente en escritura á Xunta de Galicia? ¿Sabe vostede quen llos cedeu? ¿A que non o sabe? ¿Quen lle cedeu esos terreos á Xunta de Galicia no ano 2007? O bipartito...o bipartito...no, no, no. ¿Cando se cederon os terreos, a titularidade dos terreos á Xunta?, o BNG i o Partido Socialista, os terreos da Academia, ¿a costa de qué?, as infraestruturas sin executarmos i foi este goberno o que recuperou os 42.000 metros cadrados desos terreos para facer un novo estadio que paga a Deputación i liberar uns terreos, 30.000 metros cadrados, no centro do pobo, para construír o día de mañá os novos xulgados, a nova residencia, o novo centro de saúde i todas as infraestruturas que A Estrada necesite. Eso...eso...eso se chama...eso se chama planificación...planificación...planificar, eu sei que esa palabra lle costa entendela a vostedes pero planificar quere dicir tomar decisións con previsión de futuro, planificar é facer esa xestión, planificar é aprobar un Plan Xeral, planificar é facer infraestruturas pensando no futuro i non gobernar de hoxe para mañá, porque ese tipo de forma de gobernar...ese tipo de forma de gobernar os leva a onde os levou a vostedes.

Señora Louzao non se poña nerviosa home que estamos nun debate, eu non a interrompín a vostede nin unha soa vez.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.**- pero como vostede fala do que quere e aos demais nos corta...

**Sr. Alcalde.**- ¿pero vostede falou...aquí alguén lle puxo límite a vostede para falar?

**Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.**-..... (NON SE APRECIA O SONIDO).

**Sr. Alcalde.**- ¿Pero lle puxo vostede límite a alguén...?, vostede falou do que quixo e explallouse o que quixo, tocou os temas que lle apeteceu, i eu estou intentando contestar a tódolos temas que vostedes tocaron, intentándoo.

**Sra. Belén Louzao do PS de G.-PSOE.**-... (NON SE APRECIA O SONIDO)

**Sr. Alcalde.**-Señora Louzao, vostede sabe que ten que respectar o turno de intervención, eu lle deixo falar o que queira, que vostede total... pois xa sabemos cal é o seu discurso, entón eu xa ao teño aprendido de memoria, o caso...

**(Ruído entre o público)**

**Sr. Alcalde.-** O caso é que a nós nos toca tomar decisións i resolver, i a vostedes lle toca crear confusións...crear confusión i, dende logo, intentar sacar proveito político cunha miopía absoluta en canto ao futuro da Estrada, pero esa é a responsabilidade que nos toca cunha oposición que non está á altura i que intenta sacar a quitallada política en temas que sabe vostede que, si lle quere buscar solución, a solución hai que adoptala como temos que adoptala.

Así que, sin máis, creo que xa todos intervimos o que temos que intervenir, procedemos a votar a urxencia deste tema. ¿Votos en contra da urxencia? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Pois rexeitase a urxencia i como o outro tema i a proposta do Partido Popular a debatiremos en comisión, intentaremos que sexa na próxima semana.

A Urxencia da Moción de rexeitada polos votos en contra do Partido Popular (11) e a favor do PsdeG-PSOE (8) e BNG (1).

\*\*\*\*\*

**Sr. Alcalde:** ¿Algunha outra moción de urxencia? Pois si non hai máis mocións pasamos á parte de Control da Xestión, ca dación de conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 30 de agosto de 2013.

**B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

**3°.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE AGOSTO DE 2013, ÁMBOS DOUS INCLUÍDOS.** Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 30 de agosto de 2013 (ambos os dous incluídos), e que van dende a número 992 á número 1122).

O Pleno da Corporación queda sabedor.

**4°.-ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sr. Alcalde.-** e o punto número cuarto rogos e preguntas.¿Temos algunha cuestión? Ten a palabra o señor Magariños.

**Sr. Magariños do BNG.-** E que se...bueno.. hai varios pasos de peóns que neste momento, sobre todo na Avenida de Santiago e na rúa 25 de Xullo que son os que máis en peores situación están, necesitan un repintado, é importante...bueno ...que esté ben visible, ven aí o inverno. A parte desto, hai varios pasos de peóns onde ao mellor se debería millorar a iluminación tamén sobre este entorno, Figueroa, Avenida de Santiago...se ve bastante mal, entón, millorar un pouquiño a iluminación nestos pasos a peóns.

Despois, tamén que ten que ver ca seguridade vial e o repintado, neste caso sería nos cruces, hai en varios sitios, sobre todo as rúas que embocan na 640, que os bordillos da esquina do cruce se debían repintar para evitar que os vehículos aparcaran... invadiran a zona onde non se pode aparcar co cal dificulta a visibilidade, e este Pleno vai ser a rogos e preguntas de seguridade vial, entón era para que se dirixan á Consellería de Obras Públicas. Está claro que temos un problema importante na curva, a última que hai antes da recta de Toedo, catro gotas que caen i os coches...o pobre veciño ou veciña, non sei de quen é a propiedade desa casa que ten alí o valo, escusa de levantalo porque eso non ten traza. O outro día hubo

dous..... ¿eh?, e tamén no Rollo, entón que, bueno, que se dirixan á COTOP para millorar a seguridade vial neste punto.

Na rotonda tamén...na rotonda tamén da Losada Diéguez, é o punto que hai bastantes accidentes, sería interesante estudar o porqué, porque non é normal que haxa...é a rotondilla pequena esa que...onde está a rotonda que cruza coa desviación ata a farola. Alí se van, non sei moi ben porqué pero está claro que tamén hai aí un pequeno problema de seguridade vial estudar...

**Interrompe o Sr. Alcalde.-** Señor Magariños, pero que me perdín, ¿na rotonda que hai enfrente ao Instituto Losada Diéguez?

**Sr. Magariños do BNG.-** no, no, no, no...na rúa Losada Diéguez...na rúa Losada Diéguez, a pequeniña esta.

**Sr. Alcalde.-** Ah! Na rúa... vale, vale, vale.

**Sr. Magariños do BNG.-** Que sempre hai alí unha farola que a pobre xa...bueno, está seguido averiada. E despois tamén pedínlle en varios Plenos que se dirixira á Deputación para mellorar os quitamedos no vial Portela-Souto de Veá. Fai uns días houbo un accidente de moto alí, por suerte ao condutor non lle pasou nada, teño noticias de que non foi por exceso de velocidade nin moito menos, que se poñan esos quitamedos para evitar accidentes.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben señor Magariños, agradézolle as propostas todas que fai, de feito o comentaba agora co concelleiro, que temos...sabe vostede que a propia Xunta de Galicia fixo pintado xa de toda esa zona de influencia da Estrada na nosa, incluso ata o casco urbano, i tiñamos contratado nós agora detrás o pintado de pasos de cebra i liñas amarillas tamén, i zonas de carga i descarga, o que pasa e que tiñamos previsto empezar o mércores i polo tema da chuvia...sabe vostede que necesitamos unhas condicións máis axeitadas, pero que tan pronto o día nos permita ou a climatoloxía... temos xa contratados xa ese proxecto para facer a mellora da seguridade...na seguridade, na sinalización horizontal das rúas no casco urbano.

¿Non sei si hai algunha outra...outro rogo, outra pregunta? Pois antes de dar por finalizado o Pleno, como saben vostedes, temos aprobado un regulamento de participación cidadá no que calquer veciño que queira facer a súa pregunta, o seu rogo, o pode facer tamén nesta sesión plenaria. Lles digo que o primeiro que teñen que facer é entregar, bueno, primeiro solicitar...entregar o DNI para que se poida coller os datos das persoas que queiran intervir, posteriormente se lles achegará un micro i, ao momento de finalizar a pregunta, o compañeiro funcionario lle entregarán o micro para que outra persoa poida seguir formulando as preguntas que considere oportuno. O funcionario lles recollerá os datos para que llos aporten á Secretaría Municipal, i serán chamados por parte desta presidencia para facer as súas...si recolle...recolle, si, pero recólle os datos...si, si os que queiran intervir que se lle recollan os datos i despois os vamos chamando...os iremos chamando por orden para facer as súas aportacións i as súas cuestións.

A primeira persoa que solicita o uso da palabra é María Jesús Goldar Souto, si lle achegan micrófono ten vostede a palabra.

**Dna. María Jesús Goldar Souto.-** Ola, boas noites, si xa mo achegaron, gracias. Boas noites, pois bueno eu acudo aquí, a esta Corporación municipal, para que nos solucionen xa o problema da contribución do Monte Liñares...

**(Ruído entre o público)**

**Sra. Goldar Souto.**- Sí, perdón. Pois eso, que queremos que solucionen, pero xa levamos...estamos moi cansos i parece que non nos fan nin caso, xa levamos moito tempo con este tema. Pois é o tema da contribución do Monte Liñares porque, ademais, isto é algo urxente. Xa que estamos aquí debatindo, pois, si é urxente ou non as cousas, levamos tempo esperando i estamos, sobre todo, cansos de discursos de que se debata pois a moción ou non moción ou si se crea unha comisión para miralo ou non se crea porque, sen embargo, bueno, xa saberán que o goberno de Lalín, pois pola prensa, polo menos di que se reuniu cos veciños i que a Xunta vai a presentar unha reclamación ante o Ministerio por un caso moi semellante, que é eso, a cuarta fase do polígono de Lalín, que tamén tal como di aquí o Alcalde, que explica que afectos de cumprir os requisitos para que unha finca sexa considerada como urbana ten que estar catalogada no Plan como tal, no Plan Xeral de Ordenación Municipal e, ademais, estar urbanizados esos terreos. Entón, pois, evidentemente, nese caso, pois desde o goberno están dándolle pois...un pouco respaldando aos veciños i buscándolle unha solución, se ben supoño que tamén influirá que a metade dos terreos xa son propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo, entón pois tamén a eles...pois teñen máis apuro i lle interesa máis solucionalo, supoño, pero nós somos veciños i queremos unha solución porque está claro... bueno... xa o dixemos cincuenta veces, entonces vou a ser breve porque dicir sempre o mesmo. Temos uns terreos cun proxecto aprobado, pero si está...está...sigue estando sin vistas de que se faga nada aí...i bueno, cando se faga me parece moi ben, pero mentras o que temos son os piñeiros, os toxos, as silvas alí, tranquilamente, un solo claramente rural, i estamos pagando unha contribución urbana i é peor, porque si fora dicir vale é urbana i vale eso, ten un...vale un valor, pero aínda ten menos valor que antes porque agora mesmo todos os terreos afectados que non valen nin para unha cousa nin para outra, porque están cun proxecto fantasma, aparte de que, aínda por riba, esos terreos, parte deles, están unha parte dentro da Cidade do Moble e outra parte fóra; osea, nos destrozaron as terras porque agora non sabemos nin...non valen para nada, e, aínda por riba, estamos pagando unha contribución, é o único que estamos facendo, o parvo pero ben. Entonces, xa estamos cansos i xa temos falado i solución non hai ningunha, i os anos pasan e nós estamos pagando. Quero que, por favor, me aclaren algo, pero xa, si pode ser.

**(Aplausos)**

**Sr. Alcalde.**- Moi ben. Moi ben, pois gracias á señora María Jesús Goldar pola súa intervención. Sabe vostede que este tema xa se debatiu en varias ocasións i xa tivemos oportunidade de falar i eu me reunín cos veciños. Discrepo con vostede de eso de que este goberno non lle fixo caso, estiveron reunido en varias ocasións cos veciños...

**Interrompe a Sra. Goldar Souto.**- ¿E solucionou algo?, Non.

**Sr. Alcalde.**- Lle trasladei...lle trasladei a miña...a miña impresión sobre este tema i creo que lle dixen o que sinceramente pensaba. Creo que o dixen dende o primeiro momento, enfrentándome en algún momento a que a veces a verdade é difícil de dicir, pero é o que hai, e vostedes teñen que pagar polo que están pagando non hai outra solución.

**Interrompe a Sr. Goldar Souto.**- Entonces o tema de Lalín non...

**Sr. Alcalde.-** Non hai outra solución, este é un tema que se falou co xerente do Catastro, ademais a noticia saleu dous días antes de que eu tiña cita co xerente do Catastro i o que se plantexa dende...dende outros concellos non é un caso igual ao da Estrada, pero aínda que sea parecido non ten futuro, non ten posibilidades. Vostedes é igual que si agora calquer persoa que esté obxecto da aprobación do Plan Xeral di que como o seu solo na Avenida de Pontevedra é un solo urbanizable que non está nos seus plans desarrollalo, non quere que llo clasifique como urbano. Vostedes teñen aí un aproveitamento, teñen un cambio de valor, hai un cambio de valor na súa propiedade, tiñan unha finca rústica i pasan a ter unha finca urbanizable. Vostedes non están pagando como o solo urbano, no, vostedes están pagando como solo urbanizable, ¿qué quere decir eso?, que agora lle están repercutindo un valor aproximado de 12 euros metro cadrado, 12 euros metro cadrado, cando esos terreos estén urbanizados pasarán a pagar un coste, hai unha ponencia, de 52 euros metro cadrado cando estén xa construídos, mentras que non estén construídos vostedes o único que o que se lle incrementa é que pasan do castatro rústico ao catastro urbano. Pero pasa, i vai a pasar en tódalas propiedades afectadas polo Plan Xeral, en todas, porque hai un incremento de valor especulativo, vostedes teñen unha posibilidade de poder desenvolver i poder incrementar o valor desa propiedade i, polo tanto, a Lei de Catastro, mentras que non se cambie, eu si quere plantexamos cambiar a Lei de Catastro, pero e que, mentras non se cambie, a Lei de Catastro é clara e contundente. Vostedes non poden estar na contribución de rústica porque os seus terreos non son rústicos.

**(Intervención do público.. non se aprecia o sonido)**

**Sr. Alcalde.-** É inevitable i, polo tanto, cando entre en vigor o Plan Xeral...entrado en vigor, i cando se fale da nova ponencia de valores, haberá fincas que salen en rústica i que empezarán a entrar no padrón de urbana, porque van a ter un aproveitamento lucrativo, un aproveitamento urbanístico, van a poder ter un maior beneficio pola súa propiedade. Outra cousa é que o executen ou non o executen, outra cousa é que o propietario queira ou non queira, outra cousa é que dependa dun proxecto sectorial dun plan parcial que o teña que desenvolver unha administración, pero a clasificación do solo a teñen i, polo tanto, como vostedes teñen esa clasificación, hai uns porcentaxes que van incrementando o valor. Eu si quere lle enseño, mire.. este é a ponencia, por certo lle digo...lle digo, a ponencia por si é un dato, non sei si é relevante ou non, creo que pode selo ¿non? A ponencia de valores da Cidade do Moble do 1 de abril do 2011, este goberno non estaba no goberno naquel momento, había un goberno anterior que foi o que aprobou ou se aprobou nesa época a ponencia de valores, 1 de abril do ano 2011, polo tanto este goberno non ten responsabilidades nesta ponencia. Primeiro punto...primeiro punto...

**Sra. María Jesús Goldar Souto.-** É igual, me da igual....

**Sr. Alcalde.-** No, no, pero dígoo por si acaso é relevante. O segundo punto é que o 19 de xullo de 2011 este goberno manda un escrito...un escrito ao Catastro, ao Ministerio de Economía e Facenda xerencia do Catastro, onde nos opoñemos...onde nos opoñemos cun informe do técnico municipal ás valoracións efectuadas por Catastro nesta clasificación do solo da Cidade do Moble, escrito do 19 de xullo do 2011. Posteriormente...posteriormente nos contesta o propio Catastro decindo que non ten xustificación o que pretende o Concello, que lle están aplicando a Lei tal i como é i nós volvemos a remitir outro escrito firmado polo técnico municipal o 14 de setembro de 2011, reafirmándonos nos nosos criterios de que non se

debería de cumprir ou que non se cumprían as condicións e que intentáramos fixar unha bonificación, criterio rexeitado polo Catastro. Presentamos alegacións particulares a veciños con informes técnicos do Concello, i se lle facilitou aos veciños presentar informes solicitando ao Catastro que non se lle aplicasen os tipos catastrais que se estaban aplicando aquí. Aquí teño copia polo menos de dous informes con nomes e apelidos de veciños que se fixeron. Eu me reunín con vostedes, me reunín co xerente do Catastro, o tratei con el, non ten solución.

**Sra. María Jesús Goldar Souto.- (non se aprecia no audio).**

**Sr. Alcalde.-** Non ten solución, ese terreo está recalificado i, polo tanto, esa recalificación implica un cambio de valor, i sí é certo que vostedes están condicionados a que alguén algún día desenvolva ese suelo.

**Sra. María Jesús Goldar Souto.-** Non é alguén algún día...**(non se aprecia o audio)**

**Sr. Alcalde.-** Ese...pero tamén...tamén o Plan Xeral está aprobado...tamén o Plan Xeral está aprobado pola Xunta, i é un documento integral de planificación urbanística e de clasificación do solo i é un documento que afecta a tódolos propietarios, a todos. A uns lle deixa o solo en rústico cando o tiñan edificable, a outros lle deixa edificable cando o tiñan en rústico, a uns lle cambian por solo urbanizable a solo urbano consolidado, i esos cambios de clasificación supoñen máis que nada a clasificación do solo supón o que ti podes facer en cada solo, non podes facer...

**Sra. María Jesús Goldar Souto.-...**

**Sr. Alcalde.-** Non podes facer o mesmo nun solo rústico que está moi limitado a unhas actividades concretas que a un solo urbanizable industrial, non podes facer o mesmo.

**Sra. María Jesús Goldar Souto.-** Está limitado a un proxecto concreto aprobado...hai que facer este borrador, hai que facer...está un proxecto concreto que non hai un peso para aprobalo i entón outra cousa non se pode facer. Non é dicir vale teño este solo urbano urbanizable e vou facer algo aí ou abrir unha empresa...aí é un proxecto aprobado para facer eso en concreto...

**Sr. Alcalde.-** Pero igual que o Plan Xeral...pero igual que o Plan Xeral, a bolsa de solo que hai na Avenida de Pontevedra está condicionada a un solo urbanizable, o seu, o da Cidade do Moble, é industrial i o da Avenida de Pontevedra é residencial i está condicionado a un desenvolvemento residencial dunha bolsa de solo que a ten que desenvolver un promotor ou unha iniciativa privada i que...i que se desenvolverá ou non en función de que haxa unha iniciativa que a queira desenvolver. É exactamente o mesmo, i que agora non se vai a desenvolver porque a economía está como está i non hai nadie que queira desenvolver un proxecto desa magnitude, i esa xente pasará a pagar polos seus terreos polo aproveitamento urbanístico que teña. Vamos a ver, aquí hai que darse conta dunha cousa i hai que regularizar esta situación dunha vez, aquí se paga en función...o imposto da contribución se paga en función do que se poida facer en cada terreo. Si ten o solo rústico as expectativas que ten un solo rústico son moi pequenas, vale para cultivar, vale para plantar e vale para facer un pequeno caseto, si lle autorizan, e para facer un cierre. Si ten un terreo urbanizable, vale para desenvolver, vale para urbanizar i vale para construír edificios. Si ten un terreo urbanizable industrial, vale para facer un plan

parcial, facer un proxecto de urbanización i construír naves, i teñen solares. Si ten un solar no centro do pobo, aquí ao lado dos xardíns, ten un solar onde no seu solar pode construír catro alturas i onde ten un aproveitamento urbanístico dez veces maior do que vai a ter vostede na Cidade do Moble, por eso o de aquí paga dez veces máis. Eso é unha ponencia de valores, non e eso é o que se pretende. ¿Que fixo o Catastro? De forma...de forma unilateral llo digo con data abril do 2011 i o pon no propio informe, eu cando queira lle dou unha copia da ponencia, é...é...é unha ponencia parcial i o fala...fala claramente que é unha valoración colectiva de carácter parcial consideración do solo de natureza urbana a efectos catastrais. É un paso claro na aprobación do proxecto, un paso claro dun suelo con clasificación i natureza rústica a clasificación de natureza urbana, onde se fai unha valoración paulatina, agora pagas un valor que é relativamente dentro do...do solo urbano relativamente baixo, que son 12 euros metro cadrado, i ese valor se vai ir incrementando a medida que ese proxecto se vai desenvolvendo, ¿que ese proxecto non se desenvolve en dez anos?, se sigue pagando os 12 euros metro cadrado, pero que é polo que se pode...pola edificabilidade que ten aí. E ¿os criterios para a delimitación?, pois foi o propio Catastro, a propia Axencia Tributaria no ano 2011, a que ante a aprobación do plan parcial do proxecto sectorial, decide iniciar unha valoración parcial desos terreos i pasalos ao padrón de urbana, que é o efecto contrario do que vamos a facer nós, ou que pretendemos facer nós, i unha das propostas que se lle vai a plantexar na próxima comisión aos terreos...fíxese vostede que inxustiza, que inxustiza se producía no Concello da Estrada, hai persoas que levan 17 anos pagando a contribución urbana na Avenida de Pontevedra, na Avenida Benito Vigo, no fondo da Avenida de Benito Vigo, nas rúas periféricas do casco urbano, levan 17 anos pagando a contribución urbana i agora o Plan Xeral lle deixa os terreos en solo rústico. Fíxese vostede que problema...que problema lle temos xerado aos veciños, que levan pagado ó mellor unha contribución de 500 euros anuais por un solar, que pagaba como solar, i agora polos novos criterios de clasificación do solo do Plan Xeral, esos terreos quedan en zona verde ou solo rústico, i esa xente pasa a ter unha herbeira cando pagou durante 17 anos i creía que eso lle daba dereito sobre a súa propiedade a que fora edificable, i non o é. Cambia o Plan Xeral, os novos criterios son os que son i esa xente afecta...lle vou a dar un dato, afecta a 1.147 propiedades, en esa situación están 1147 propiedades na Estrada que siguen pagando urbana, i o que se vai a facer é de oficio polo concello, se lle vai a comunicar ao Catastro que, xa que estiveron tan rápidos i tan listos ca Cidade do Moble, pois que estén tan rápidos i tan listos cando están ao revés, que os que están en urbano que os pasen a rústicos, i esa é unha decisión que ten que tomar este goberno i o vai a facer, pero cando pasan de rústico a urbano é o propio Catastro de oficio o que toma esta decisión, i eu xa llo expliquei i entendo que non escoiten o que queren oír, i sinto moito que vostedes pensen que eu non estou a altura neste tema, pero lles digo, non ten solución i démoslle as voltas que lle demos non ten solución.

Mentras que o polígono non se desenvolva vostedes teñen un valor determinado, que é un valor baixo para un solo urbano, cando se desenvolva o polígono vostedes van a pagar máis porque van a ter un polígono urbanizado...

**Sra. María Jesús Goldar Souto.**-...mire, esa xente eu sinto moito, me parece fatal, evidentemente, que estén pagando e agora lle cambien ...i no fondo non debería pasar eso, por suposto que si, pensaban que tiñan unha cousa e agora cambiáronlla, pero nós xa sabemos o que temos, nada. Temos un terreo que, se algún día fan

algo aí, expropiano, queiramos ou non, e aí te quedas, i fan o que queren i nos pagan unha miseria...

**Sr. Alcalde.-** non, esto...esto é unha...unha miseria non, esto dá unha aproximación do valor real, sabe vostede que o valor catastral é o 50 por cento do valor de mercado, esto para efectos...a efectos de expropiación para vostedes...esto é unha ferramenta fundamental á hora de ir ao axuste e precio. A vostedes Facenda xa lles está dando unha valoración aproximadamente de 24 euros metro cadrado no seu terreo, que é unha valoración máis que considerable. Pero lle digo...lle digo máis, o Plan Xeral da Estrada leva contemplado un desenvolvemento industrial no Polígono de Toedo, un desenvolvemento industrial de cerca de medio millón de metros cadrados. Si nós pasamos esos terreos, i hai algúns que nos din "oye, fixéstesme unha puñeta, deixástesme os terreos dentro da ampliación do polígono", i outros dín "oye, parastes o polígono xusto na miña finca, osea, a finca anterior é edificable e a miña queda en rústico"; claro, ese é o problema que ten a clasificación do solo, i o problema que ten ordenar un territorio como é o da Estrada, pero o que ten terreo dentro da posible ampliación do polígono ten unha parcela que vale un valor, i o que ten xusto no límite donde acaba o polígono i é rustico ten un valor dividido por 10 do que ten o outro. Entonces, a efectos de tributación do Catastro non é xusto, i vostede entenderá que non é xusto que o que ten unha parcela no polígono que está no linde con outra que o ten fóra do polígono que paguen o mesmo, non é xusto, porque un pode facer i pode ter un aproveitamento económico moi superior ao que ten o outro, i esa é a lei, a lei é así, a lei está fixada así, i se fixa en función da expectativa que poida ter o terreo á hora de poder obter un lucro, un beneficio o particular. Xa sei que no tema da Cidade do Moble pois ten matices, eu xa digo, eu creo que anduveron moi lixeiros en Catastro para aprobar esta ponencia, sinceramente llo digo, creo que estiveron moi espabilados, porque aprobouse no 2011 ou no 2010, e no 2011 aprobaron a ponencia, ¿vale? Entendo que estiveron moi espabilados, é certo, que eu podo non compartir ese tema. Pero se eu lle digo que esto ten solución estareille mentindo, i estareille mentindo a vostede i a tódolos propietarios de alí, i creo que neso fun, dende o primeiro momento que me sentei con vostedes llo dixen, esto é un tema complexísimo, a solución é practicamente imposible, esto é un tema que está tipificado perfectamente na Lei i, agora co Plan Xeral, deste tema non temos un, temos cen, cen, pero a xente que queda en esas clasificacións teñen a pena de pagar máis pero teñen o beneficio de ter unha propiedade que vale moitísimo máis do que valía antes de aprobar o Plan Xeral, i o día que a poidan vender ou a herencia que lle poidan deixar aos seus fillos ou aos seus netos, vai a ser moi superior da que ten ou da que tiña antes de aprobación do Plan, i esa é unha realidade que a veces é difícil de entender, pero é así.

**Sra. María Jesús Goldar Souto.-**... (non se aprecia o audio).

**Sr. Alcalde.-** Sí...pero a contribución é así. Hai que cambiar a lei...habrá que cambiar a lei que leva aprobada dende o ano 2004, a Lei de Catastro, a última modificación do Catastro pero a lei é así. A lei fala só de dous tipos de solos, ou catastro de rústica ou catastro de urbana, dentro do catastro urbana despois hai moitas valoracións, non paga o mesmo o que ten unha parcela e un solo en...no fondo de Fernando Conde que o que ten unha parcela na Plaza da Farola, non paga o mesmo. Pero hai dous tipos de clasificación, ou estás en rústico ou estás en urbano.

**Sra. María Jesús Goldar Souto.-**... (non se aprecia o audio)



**Sr. Alcalde.-** I si estás en Cidade do Moble estás en urbano desde que se aprobou o plan...desde que se aprobou o plan parcial, e aí hai un solo que ten unha expectativa i que, bueno, que eu entendo que agora mesmo calquera expectativa é cero, pero non só na Cidade do Moble, se non na situación económica actual as perspectivas que temos a corto prazo non son boas para a hora de poder xestionar determinados proxectos ou poder facer algunha operación de venda ou compra-venta de parcelas, sei que non é o momento máis adecuado, pero a clasificación xa a teñen i, chegado o momento o día que se desarrolle, alguén que queira un solo industrial ou vai á Toedo ou vai á Cidade do Moble, en todo o Concello da Estrada non vai poder ir a outro sitio. O que queira facer unha nave ou a fai en Toedo ou a fai na Cidade do Moble.

**Sra. María Jesús Goldar Souto.-** (non se aprecia o audio).

**Sr. Alcalde.-** As orixes da Cidade do Moble si quere remontámonos...si quere remontámonos ás orixes. É un proxecto que contou co apoio, que contou co apoio das tres forzas políticas que estamos aquí, que creímos...que creímos no seu momento que era unha...un bo proxecto e unha boa iniciativa y que...bueno...pois se dilatou no tempo máis do que nos gustaría, i creo que por todos os que estamos aquí nos gustaría que xa estivera executado i non o está. Pero esa é a realidade i eu sinto decirlle i o intentarei de verdade i con datos. Eu..., a diferenza do que comentaba hoxe a prensa o de que decían sobre o papel deste goberno, eu o único que fixen dende que cheguei aquí foi recibir unha ponencia aprobada antes de estar nós, i mandar os escritos opoñéndonos á ponencia de valores presentada polo Ministerio, i mandar reiterados escritos ata que o Ministerio adoptou de oficio a aprobación da ponencia, i asesorando aos veciños en todo o que podemos, i si lle digo que lle vou a solucionar lle estaría mentindo i eu non minto, ou non teño por costume mentir. Así que esa é a realidade.

A seguinte intervención solicitada é Don Pedro Arcay.

**(Fala alguén do público, non se aprecia o audio)**

**Sr. Alcalde.-**Pois lle damos a palabra entón a dona Ana Rodríguez Pereira. Moi ben, ten a palabra doña Ana.

**Sra. Ana Rodríguez Pereira.-** Sí, ola, creo que se me escoita ¿non? Bueno, boa noite, eu son Ana Rodríguez, son veciña de Arca e vou falar en nome da Plataforma de Emigrantes Retornados da Estrada. Acudimos hoxe a este pleno para manifestarlle ao Alcalde e ao resto da corporación a situación inxusta que moitas familias do noso concello están soportando dende hai varios meses polas esixencias da...de Facenda, da Axencia Tributaria, respecto das pensións que perciben de países europeos. Vou intentar ser breve na miña exposición, e sobre todo moi clara e moi precisa no que desexamos solicitarlle ao señor Alcalde.

Eu son filla de emigrante, meu pai pasou parte, gran parte da súa vida en Francia, nuns anos difíciles nos que as perspectivas de futuro simplemente non existían, moitos galegos e moitas galegas, moitos estradenses tiveron a coraxe, a valentía de enfrontarse á lonxanía, á soidade, a idiomas e costumes descoñecidos, vironse na obriga de marchar do seu país. Os seus traballos en Alemania, en Holanda, en Suíza, en Francia serviron de impulso e de motor durante décadas á economía de moitas cidades e de moitas vilas, tamén por suposto, da Estrada. Hoxe mesmo, no momento da gravísima crise que nos golpea a todos e a todas, as pensións estranxeiras resultan vitais en moitos fogares, nalgúns son os únicos ingresos que entran mensualmente. Hai moitos casos, poderíamos falar de moitísimos casos. ¿Sabe señor Alcalde?, hai algunha viúva que está pasando

estes meses con 200 euros, 200 dos 630 que cobra de pensión de viuvez e retíranlle 400 por unha débeda, por ser defraudadora porque é o que a estas persoas nos están chamando. Toda esta situación dáse nun contexto no que cada día os cidadáns acudimos atónitos e nos medios de comunicación, vemos cada día pois nomes, como estes días Carlos Fabra como Conde Roa, como Bárcenas, e impulsándonos e facendo o goberno crer que é necesario unha falsa austeridade, eu digo falsa porque verdadeiramente non é para todos e o único que está creando é pobreza e falo así pobreza. Nós non queremos tratos especiais, non buscamos perdón algún porque non cometemos ningún delito. Solicitamos que se regularice, si, a situación de todas estas persoas que traballaron durante tantos anos no estranxeiro, pero que se faga dende o ano en curso, non queremos recargos, nin intereses de demora nin multas. Queremos saber señor Alcalde se vostede xa ten tratado este problema no seo do seu partido, ¿cal é a súa posición e a do grupo municipal do Partido Popular da Estrada?, ¿que proposta...que propostas van levar a cabo e ante quen? , ¿en que prazo de tempo podemos contar coa súa resposta?. Respostas e...concretas queríamos.

E só, xa para rematar decírlle que nós, a Plataforma de Emigrantes Retornados, imos ser perseverantes en defender a nosa dignidade, que sairemos ás rúas as veces que faga falta, acudiremos a onde sexa preciso para que non pase o que onte mesmo unha muller aquí presente me dixo, que foi pensionista en Suíza desde os 18 anos, traballou toda a vida moitísimo para que agora estes veñan estropearlle a súa vellez. Nada máis.

#### (Aplausos)

**Sr. Alcalde.-** Bueno, antes de...o primeiro dona Ana Rodríguez eu quero manifestarlle a miña gratitude i a de toda a corporación polo tono no que se expresou vostede i por como resumeu perfectamente a realidade i a crudeza desta situación. Eu creo que a nadie se lle escapa que este é un problema gravísimo e ten moitas similitudes con outra cuestión que tamén nos ocupou durante moito tempo, que foi o tema das preferentes. Creo que, bueno se están dando situacións que non teñen, en algúns casos, parece que moito sentido común ¿non?, parece que se adoptan dende...dende institucións que...que están lonxes ao cidadán i eu non me canso de repetilo, i así o fixen no...no Comité de Dirección do Partido como responsable do partido na Estrada o pasado venres, que creía que, bueno, os Concellos i os concelleiros todos de tódalas forzas políticas estamos vivindo con especial intensidade problemas da rúa onde eu me encontro tódolos días cos meus fillos i ca miña familia i onde somos cidadáns normais que compartimos i convivimos nunha convivencia harmónica ata agora i que, bueno, te encontras con situacións difíciles, i ao final eu non vexo a un ministro nin a un presidente paseando pola Estrada, nin dando a cara ante problemas desta magnitude, i creo que ademais como responsables locais nos toca a veces tocar esa fibra sensible, non é fácil. Eu sei que non é fácil, porque, bueno, pois cando falas... eu lle podo decir que tuvemos esa reunión ao máximo nivel o pasado venres no partido i se tratou de forma intensa este tema, tamén esta semana estiven ca administradora da Axencia Tributaria na Estrada, con Gloria Rodríguez, i estiven tamén ca delegada da Axencia Tributaria en Pontevedra, con Carmen Pintos, e co delegado especial para este tema que teñen nombrado en Pontevedra, e lle trasladei a miña preocupación. Bueno, eles claro... ao final son persoas administrativas que collen a lei i, bueno, pois moi ben, oye aquí hai unha serie de persoas que durante un tempo pois non asumiron as súas obrigas tributarias i que Facenda, como a calquera outro cidadán, lle reclama unhas cantidades, eu creo que este non é o caso, creo que ademais non houbo ningunha intención de defraudar,

ningunha...ningunha vontade, non había coñecemento sobre esta cuestión. É certo que unhas persoas si o declaraban porque tiñan máis información dos países de orixe onde recibían as pensións, eu tiven a oportunidade, eu lles podo decir que...i o sabe tamén aquí o compañeiro que foi alcalde, tamén o señor Dono que un alcalde firma pois aproximadamente unha media de 100 fés de vida ao cabo do mes de veciños que lle mandan, pois, sobre todo de Suíza i de Francia os seus...as súas entidades financeiras cada 6 meses para...para pasar ese control de fé de vida. Hai entidades que funcionan ou países que funcionan dunha forma menos clara i que lle mandan esa información ao final de ano i outros moitos onde non, o problema creo que está no país de orixe, aí se produce un defecto de información i unha...i ese defecto de información provoca que moitas persoas na Estrada i en Galicia, emigrantes por descoñecemento, non tributen polas súas rentas ¿non?

**Sra. Ana Rodríguez Pereira.-** ... (non se aprecia o audio)

**Sr. Alcalde.-** Sí, sí..sí.

**Sra. Ana Rodríguez Pereira.-** ...tiña outras rentas superiores a eses 22.000 euros non tiña que declaralas. Agora vémonos con esta problemática.

**Sr. Alcalde.-** Sí, sí.

**Sra. Ana Rodríguez Pereira.-** ¿Que solucións hai?

**Sr. Alcalde.-** Sí.

**Sra. Ana Rodríguez Pereira.-** ¿Que solucións hai? De acordo, hai moita xente que pode poñer uns avogados pero outras persoas non, vémonos indefensos. Os políticos, porque esta é unha decisión política, da igual aquí é a administración por eso estamos aquí máis...máis cercana ao cidadán, pero nós tamén imos chegar ao Parlamento e tamén imos chegar ao Congreso a través dos grupos da oposición, tanto do Bloque Nacionalista Galego como do Partido Socialista, xa se chegou. Agora, bueno, queremos que nos conteste un pouquiño máis en concreto, dixo de todas esas reunións, ¿que lle dixeron?, como...vamos a ver, porque eu sei que a presión na rúa ten os seus resultados, xa está habendo por parte da administración, e si traballadores, pero persoas que...que están alí e que teñen responsabilidade estanse dando conta que están incidindo nun colectivo no que deberían non poñer tanto empeño ¿eh? Que non digo eu que non haxa que tributar, que si, que vale, que hai unha regularización que hai que facer, pero doutra...actuar doutra maneira, non así tratando como...como alguén dixo, como se fóramos uns delinquentes ¿eh? Eso é o que nós non queremos, así que vostede está no Grupo Popular, é do Partido Popular, é o grupo que está en Madrid, está en Santiago, o señor Núñez Feijoo, bueno non quero facer comparacións nin nada pero e que, claro, aquí obrígase a tributar e a partir...hai unha persoa, fíxese nun caso que supera 11.201 euro, non é deste concello, é doutro e ten que pagar non recordo exactamente a cifra, pero máis de 2 anos por aplazamento 10 ou 12 mensualidades de moitos cartos porque non ten para pagar eso. Supera 1 euro os 11.200 ¿quen vive con 11.200? Falamos do IBI, falamos de todas as subidas que estamos sufrindo os cidadáns día a día ¿eh?, esto non vai a mellor, estámolo falando ¿non? Bueno pois eses 11.200, pero, sen embargo, non quero eu...non son das persoas que penso que os políticos sexan todos iguais nin moito menos, pero os deputados, creo que o señor Núñez Feijoo dixo darlle a opción libre aos deputados do seu grupo para que declaren o IRPF 30.000 euros ¿non? Das dietas que reciben no Parlamento de Galicia ¿non?

Bueno pois eses 30.000 euros, caramba quen no lo dera ter os pensionistas de límite, seguro que non defraudábamos nin un ano, nin 2008, nin 2009, nin 2010. Entón claro hai cidadáns dende logo de primeira, de segunda e de terceira, e creo que os emigrantes calquera outro colectivo, pero os emigrantes deberíamos ter un pouquiño máis de coidado... porque creo que A Estrada, Galiza e o Estado enteiro lle deben moitísimo, nuns momentos moi difíciles, uns anos moi duros e unhas situacións que verdadeiramente todos sabemos e creo que todos temos familiares que así o foron ¿non? Así que...

**(Aplausos)**

**Sr. Alcalde.-** Vamos a ver, pois indo ao concreto. Nesas reunións, sobre todo nas reunións máis técnicas que tiveron cos responsables da Axencia Tributaria, bueno, hai varias cuestións encima da mesa. A primeira é a reclamación das partes das cantidades non tributadas, aí hai unha... unha inspección por parte de Facenda, se detecta que hai unhas rentas que non tributan en España e entenden que aquí hai unha lei de Facenda que é, pois, do Ministerio de Facenda, que hai que tributar polas rentas mundiais. As que non tributen no país de orixe teñen que tributar na de destino i, polo tanto, fan unha inspección i detectan unha serie de casos. A esos casos se lles manda, se lles xira unha liquidación pola parte non tributada. Está despois os intereses de demora i as sancións impostas que é unha segunda parte, eu creo que aí estamos totalmente de acordo en que non teñen sentido e non teñen cabida, i pois está na facilidade creo que son os tres temas fundamentais de pago que se lle poida dar a esas persoas ¿non? En canto ás rendas non declaradas, bueno, Facenda teno claro, teñen que tributar, o que non esté tributado hai que pagar, ¿cómo?, pois solicitando un aplazamento. Aí me comentaba que de forma hai tres fases, unha primeira fase que chega a notificación de pago, nesa notificación hai un período de alegación e máis ou menos dan un mes e medio para o pago, se presenta unha alegación, se solicita un aplazamento, ese aplazamento se fai de forma automática por uns parámetros que establece o propio sistema i, si ese aplazamento, se segundo a comunicación non é suficiente, todavía se pode presentar unha nova solicitude motivada da situación persoal de cada un i onde Facenda, analizando caso a caso parece ser que os están revisando un a un, pode chegar a ampliar ese prazo de pago tengo en conta as rentas xeradas, o patrimonio, tendo en conta determinados parámetros que se consultan i tendo...i xustificando que realmente existe unha imposibilidade de pago ou que ten unhas cargas familiares moi elevadas que tamén o revisan. Si teñen fillos, netos, persoas a cargo, si están sustentando á unidade familiar, si teñen problemas económicos, todo eso o xustifican i se están concedendo aplazamentos a máis tempo. Aí entramos na cuestión da garantía, si é a máis de dous anos en teoría deberían esixirlles unha garantía, e bueno, creo que aí habería certa flexibilidade por parte da administración de non pedir garantía no caso de que nos pasemos dun aplazamento a máis de dous anos. E despois están o temas das sancións que, evidentemente, hai que recurrilas i no, i bueno, a Axencia Tributaria non o vai a decir ou entendo que non o vai a decir publicamente, pero bueno, entendo que todo o mundo neso algo de sentido común hai, i todo o mundo entende que non houbo vontade nin intención de defraudar i, polo tanto, ao non haber dolo, ao non haber intención dolosa, pois se se pode xustificar nalgunha medida que, bueno, se poidan...se poidan eliminar esas sancións. ¿Qué pode aportar o Concello? Podemos aportar asesoramento, eu creo que o comentaba perfectamente, que hai persoas que ao mellor non se poden pagar un asesoramento específico por este tema i, ao mellor pois non se fían ou non queren acudir á administración tributaria para facer as consultas determinadas i o Concello pode poñer os medios para dar

unha...uns servicios de asesoramento a todas as persoas que o precisen. O fixemos xa cando foi o tema das preferentes, funcionou creo que relativamente ben i o podemos poñer en marcha de novo outra vez i creo que pode ser unha boa decisión. Podemos, i eu llo pedín así á responsable delegada Carmen Pintos i á administradora, manter unha reunión cos responsables da Plataforma e para...ca plataforma local da Estrada, para que desde aquí se explique cal é a situación real ao noso problema i que solucións máis concretas podemos adoptar. Hoxe mesmo, antes de onte falei ca delegada i se mostrou disposta si non ben el o...a persoa que leva expresamente este tema en cuestión, i tamén a administradora da Axencia Tributaria da Estrada tamén está en disposición de poder manter esa reunión cando nós estimemos oportuno. Si lles parece creo que o máis operativo é ter unha comisión representativa de todas as persoas que forman parte da plataforma i...i fixamos, si queren, na semana que ven ou na seguinte, me deixan un contacto i os chamo i me poño en contacto para fixar unha reunión cos responsables da Axencia Tributaria i poder acordar alí xa actuacións concretas.

Intentei coñecer cal é o impacto real deste tema, desta cuestión na Estrada e foi imposible, a Axencia Tributaria ten datos a nivel xenérico que sairon nos medios de comunicación estes últimos días pero non son ni...ou non o trasladan, ou non os teñen ou, polo menos, a min dixeron que era imposible obter os datos do impacto do número de persoas afectadas na Estrada i das reclamacións que están efectuando. Polo tanto é difícil cuantificar o impacto que pode ter, pero eso é o de menos, a xente está aí i o problema está aí i o temos que solucionar, i con estas propostas o que temos que intentar é minimizar o impacto ao máximo posible. Unha vez máis a realidade por diante i o impacto haino, hai un porcentaxe de persoas que ben asesoradas no país de orixe ou pola súa...ou aquí en España tributaron ou levan tributando toda a vida pola pensión i hai xente que por descoñecemento ou por mal asesoramento non o fixo i a administración tributaria non, bueno pois, entende que...que esa situación se debe de regularizar ¿non?. Eu creo que, sobre todo creo que hai que reunirse con eles, ver claro cales son as medidas concretas i claras que se poden adoptar, ter uns interlocutores i creo que o tema da plataforma é un acerto, constituíuse unha plataforma para ter uns interlocutores fixos i poder buscar esa relación que temos que ter máis estreita, poñer...poñernos todos a disposición para...para intentar buscar unha solución i eu, xa digo, si nos dan os datos das persoas eu intento fixar na semana que ven, ao sumo na seguinte, unha reunión cos responsables de Pontevedra ou ca persoa responsable na Estrada. Eu creo que é mellor ir a Pontevedra xunto á delegada especial ou ao delegado especial ou á delegada da Axencia Tributaria i tratar in situ, alí, a problemática real, trasladarlle cales poden ser as solucións, creo que moitas delas xa están anticipadas agora nesto que lle acabo de decir, pero bueno, creo que en todo caso se poden analizar máis polo miúdo i darlle solución a un problema que de verdade é unha inxustiza ¿non? Eu creo que é inxusto que é unha...unha...un paso máis que se da de forma errada sin pensar nas consecuencias. Eu creo que é moi fácil darlle a unha tecla i empezar a sacar DNI de persoas que non están ao corrente con Facenda i cando te das conta do impacto que ten, ao mellor é tarde ¿non? I creo que eso pasou aquí exactamente así, i se deron conta do problema que había e agora, dentro da legalidade, non continuar é complicado. Pero...pero eu creo que esta Corporación, creo que estamos todos da súa parte i, na medida das posibilidades, poñeremos todos os medios necesarios para intentar buscar estas medidas.

Estas que son as propostas que facemos nós ou calquer outras que eu espero, nos próximos días, que a través da plataforma as poidan trasladar ao Concello i traballemos de forma conxunta por buscar unha solución adecuada a este problema.

**(Aplausos)**

**Sr. Alcalde.-** Ten...ten a palabra don Pedro Arcay, o micrófono por favor.

**Sr. Pedro Arcay.-** Bueno, eu parte da...vou ser breve porque parte do que iba a decir xa o comentou Ana. Tamén pertenzo a Plataforma de Emigrantes, pertenzo tamén...son da Plataforma de Preferentes, que non estou de acordo aí con vostede de que salira a cousa tamén como bueno...houbo os seus problemas.

**(Aplausos)**

**Sr. Pedro Arcay.-** Por outro lado...por outro lado tamén quería darlles un consello aos políticos, gracias que eu non estou en ningún partido político porque padezo do corazón e eso é complicado. Este...é que vostedes téñense que poñer de acordo en algo, algún fará unha cousa ben, outro faraa máis mal, pero aquí botamos metade do tempo criticando uns aos outros, non creo que eso para nós sea bo, porque non sabemos si vostede di a verdade, si o di aquí o do Bloque ou dio a do PSOE, non sabemos, estamos no aire ¿que lle parece?. A ver si toman un pouquiño...eu digo de menos rollo, menos rollo, máis...que non nos enteramos.

**(Aplauso)**

**Sr. Alcalde.-** Don Pedro, Don Pedro ten vostede...ten vostede a razón, o decía eu antes e moitos temos que aplicarnos o conto ao sentido común ¿non? A veces falta sentido común i temos que intentar facer un esforzo por olvidarnos do superfluo, porque, ao final, esto é como un matrimonio, ao final acabamos entendéndonos, discutimos...

**Sr. Pedro Arcay.-** xa, xa,xa o sabemos.

**Sr. Alcalde.-** Cada un ten o seu punto de vista...

**Sr. Pedro Arcay.-** xa o sabemos.

**Sr. Alcalde.-** Pero o obxectivo final de todos é o mesmo, todos queremos o mellor, cada un ten unha forma de velo, pero creo que todos queremos o mellor e intentamos na medida das nosas posibilidades conseguilo, aínda que a veces non o logremos pero estou de acordo con vostede.

**Sr. Pedro Arcay.-** Pero é que hai puntos que eu non estou dacordo con vostede tampouco, por exemplo cando criticou á oposición de estar no goberno catro anos que botaron, pero antes deles botaron vostedes dezaseis ¿eh? e quedamos sen autopista, e quedamos sin terreos industriais e quedamos sen nada, quero decir que eso está aí.

**(Ruido)**

**Sr. Pedro Arcay.-** E entonces eu...é como o choio da herencia, a herencia...eso non estou dacordo tampouco, porque o señor Rajoy cando...está decindo a herencia de Zapatero pero el estivo cobrando na oposición por vixiar a Zapatero e ¿que fixo?

**(Aplausos)**

**Sr. Pedro Arcay.-** ¿Eh? E que estamos...estamos na mesma, poñemos a cousa clara e quedamos todos mal.

(Ruído)

**Sr. Pedro Arcay.-** Outra cousa tamén, é de que eu paréceme que os políticos ou os gobernantes, como se lle queira chamar, se están pasando, se están pasando sin ter en conta para nada onde teñen que meter a man no saco, quero decir que o meu bolsillo xa está vacío de todo case i o de esta xente tamén e, sen embargo, hainos por aí, coidado, coa crise pois, a río revolto ganancia pescadores, se están poñendo as botas, a eses nadie lle toca. Temos que darse conta de que si nós empezamos a non ter con qué ir a comprar teñen que cerrar os supermercados, ten que...non temos postos de traballo, non temos nada. É decir, hai que...primeiro antes de meter impostos eu penso que había que industrializar, facer un medio de vida para a xente e non se fai, non se fai, tírase para adiante e veña impostos, e eu non sei ata cando vamos a parar porque dende logo é moitísimo, un 140 por cen un terreo dende o outro día, a min paréceme moito ¿eh? a verdade, non sei.

(Aplausos)

**Sr. Pedro Arcay.-**Eu non sei, poderíamos falar toda a noite do tema pero vámolos a deixar porque...é mellor discutilo outro día, gardámolo para o próximo Pleno ¿eh? Eso do choio da Plataforma non deixalo en saco roto ¿eh?, porque eso é moi grave tamén ¿eh?.

**Sr. Alcalde.-** Eu quedo pendente...quedo pendente tamén de que...de que si queren agora á saída, se non mañán porque, ao mellor, tampouco é agora o momento de poñerse a falar, pois un grupo de catro ou cinco persoas da Plataforma me den os nomes i un teléfono de contacto i eu xa me poño para ter a primeira reunión antes de reunirnos en Pontevedra ca...ca delegada da Axencia Tributaria.

**Sr. Pedro Arcay.-** A ver que di Ana pero eu non sei se será mellor primeiro ter unha reunión a Plataforma.

**Sr. Alcalde.-** Bueno, pois quedamos da seguinte maneira, eu quedo pendente que desde a Plataforma calquera se dirixa á Alcaldía ou a min i nos de o nome de catro ou cinco persoas que queiran ter unha primeira reunión para tratar os temas que imos a tratar na reunión, preparando a reunión de Pontevedra e despois acercarnos a Pontevedra a manter esa reunión. Quedo pendente de que...de que me trasladen esa cuestión.

I do tema que comentaba antes, non é político pero parece ¿eh? Fala, fala...fala i fala ben i di cousas que son verdades, pero son verdades. A veces eu decía, mire o dixen antes i o digo sempre que teño oportunidade, podemos discrepar politicamente, podemos ter as nosas ideas, podemos ser dun partido ou ser doutro aquí os concelleiros que están aquí, aquí o único que cobra i que cobrou i que cobraba antes é o Alcalde por facer as súas funcións, estes concelleiros que están aquí non cobran un peso, son xente que ven a intentar dar o mellor de sí mesmo pola Estrada ou porque ten esa idea de traballar i de facer as cousas no beneficio de todos. Non sempre se acerta, eu estou de acordo que non sempre se acerta, agora a política local esta de aquí esa é a política de estar cos veciños, de escoitalos, de saber os problemas. A porta da Alcaldía ou de calquer partido político está aberta para todos, sabemos a realidade do día a día, os problemas, as queixas, onde estamos fallando, onde non, e sabemos a crudeza, a cruda realidade do que se está vivindo ¿eh?, i eu podo decir que calquera dos que estamos aquí sabemos perfectamente os problemas que existen i a magnitude desos problemas. Por desgracia, pois non sempre temos a solución ou a

capacidade para resolvelos, i por desgracia pois o que pase en calquer outro punto do mundo de Europa ou España nos afecta aquí tamén, i ao final nós somos os receptores dos problemas i veñen en cascada i nos caen de arriba por parte dos políticos i dos que están gobernando en cada momento, i de abaixo por parte dos veciños, i do lado por parte da familia, i do outro lado de parte de tal, i ao final pois intentamos facelo ca maior honradez posible i a veces pois se acerta e outras veces non.

**Sr. Pedro Arcay.**- Os veciños temos que defendernos

**Sr. Alcalde.**- Sí señor

**Sr. Pedro Arcay.**- Se non nos asoballan, eso está claro. Eu por exemplo xa lle dixen antes que non quería saber nada de política nin dun lado nin do outro porque aparte deso, que padezo do corazón e me salvou un médico da esquerda e un da dereita, así que...

**Sr. Alcalde.**- Bueno pois eso...bueno pois don Pedro moitas grazas pola súa intervención i, a verdade, é que así como di vostede i con esta actitude seguramente se defendan moitos intereses dos veciños i das persoas que vostede representa. Ten a palabra tamén solicitado José Manuel...Don José Manuel Valladares. Ten a palabra Don José Manuel.

**Sr. José Manuel Valladares.**- Moi boas noites, xa nos coñecemos dende hai bastante tempo...

**Sr. Alcalde.**- Sí señor.

**Sr. José Manuel Valladares.**- Creo que vivimos nun país de estado de dereito a según...a según...non hai tanto tempo que vostede é unha das persoas que nos...que me dixo a min propiamente nestas escalas da...do Concello que non debía existir xustiza gratuíta, hai outra compañeira do seu partido, donde dixo no Parlamento de Deputados "*que se jodan*", aplaudida por tódolos dipuados, i hai outro compañeiro seu onde dixo que un sueldo de 5.000 euros libres de impuesto, libres de impuesto, que se sepa ben que vivía precariamente...

**(Ruído entre el público)**

**Sr. José Manuel Valladares.**- No, precariamente. Ademais as viaxes pagos. Me gustaría saber de vostede ¿cánto se gastou no Plan Xeral que se fixo agora no...neste Concello?

**Sr. Alcalde.**- Pois e...home non teño a cifra concreta pero en torno a máis de 700.000 euros.

**Sr. José Manuel Valladares.**- que se pideu un crédito.

**Sr. Alcalde.**- no.

**Sr. José Manuel Valladares.**- Vostede na prensa foi o que formulou.

**Sr. Alcalde.**- no, no, no...nada esta mezclando...

**Sr. José Manuel Valladares.**- Bueno, está a prensa aí...

**Sr. Alcalde.**- Está mezclando.



**Sr. José Manuel Valladares.-** Vostede todos os días ten tempo para a prensa, para min non.

**Sr. Alcalde.-** Eu para vostede tamén que sempre o recibín na miña...no meu despacho sempre que vostede veu á Alcaldía, non creo que poida decir...

**Sr. José Manuel Valladares.-** Algunha vez ata veu la Voz de Galicia, por decir unha prensa.

**Sr. Alcalde.-** Algunha vez nas escaleiras, porque salía unha visita e enredei con vostede dez minutos.

**Sr. José Manuel Valladares.-** Exactamente, e unha vez tardei tres meses por unha petición que lle fixen por escrito que non me contestou. Como pedín posto de traballo no Concello, presenteime a unhas listas onde se cobra por presentar a documentación dunha propia, por compulsala...

**Sr. Alcalde.-** Pero señor Valladares...

**Sr. José Manuel Valladares.-** se cobra 1 euro por cada fotocopia neste Concello, posta por este señor.

**Sr. Alcalde.-** no, no, non...eso non é certo...eso non é certo.

**Sr. José Manuel Valladares.-** ¿como non é verdade?

**Sr. Alcalde.-** no, no, no

**Sr. José Manuel Valladares.-** Nas oposicións que houbo para 061 e motobomba houbo eso, que eu fun á Xunta de Galicia e o mandei compulsado pola Xunta de Galicia, onde a min non se me dou dereito...

**Sr. Alcalde.-** Señor Valladares mire vostede sabe...perdone un segundo, perdone un segundo, vostede sabe que ten ou que pode facer a formulación que queira, sabe que ten que formular un rogo ou unha pregunta pero lle digo, vamos a ver, para ir cerrando temas ¿non?, eu recíboo a vostede as veces que queira, vostede ven a recibirme ao Concello para pedirme un posto de traballo máis unha vivenda, eu non teño postos de traballo nin vivenda, non me dedico a eso.

**Sr. José Manuel Valladares.-** Pois a Constitución Española di que todos os españois temos dereito a eso i...i...i...

**(ruido)**

**Sr. Alcalde.-** Señor Valladares, señor Valladares, eu non teño un posto de traballo para vostede, nin unha vivenda...

**Sr. José Manuel Valladares.-** Pero para os seus amigos sí teñen.

**Sr. Alcalde.-**Nin é a miña responsabilidade.

**Sr. José Manuel Valladares.-** ¿Entonces de quen é neste Concello?

**Sr. Alcalde.-** Nin é a miña obligación de conseguirlle a vostede unha vivenda.

**Sr. José Manuel Valladares.-** Eu teño...eu teño títulos académicos para mostralos como mostrei, pero como existimos nunha comunidade de caciquismo porque aquí neste Concello hai xente que está posta a dedo do seu partido...

**(Aplausos)**

**Sr. José Manuel Valladares.-** Do seu partido está e van en todoterreo aos rurais a resolver casos particulares, e teñen días que o Concello está cerrado e se están fóra son atendidos, ¿me pode decir se controla vostede eso señor Alcalde?. Agora me gustaría tamén saber ¿cánto custou...?

**Sr. Alcalde.-** Si eso...si eso que di vostede é verdade, unha...unha debería de denunciálo e outra debería...

**Sr. José Manuel Valladares.-** pois denúncieme...denúncieme.

**Sr. Alcalde.-** No, no, non está entendendo...non está entendendo.

**Sr. José Manuel Valladares.-** Pero eu téño denunciado a vostede, que o sepa todo o mundo. Eu téño denunciado.

**Sr. Alcalde.-** Señor Valladares...señor Valladares, estoulle decindo que si eso así...

**Sr. José Manuel Valladares.-** Eu a vostede téño denunciado.

**Sr. Alcalde.-** Señor Valladares si eso é así ten que denunciálo a vostede, non que o denuncie eu, eu non lle denuncio a nadie.

**Sr. José Manuel Valladares.-** Vostede me acaba de decir que me tendría que denunciar se eso é certo.

**Sr. Alcalde.-** Non! Que va! Non entendeu.

**Sr. José Manuel Valladares.-** Está aquí toda a xente para eso...debiame..

**Sr. Alcalde.-** Señor Valladares, entendeu mal, repito, volvemos a empezar. Si eso é así o que vostede está decindo debería de denunciálo, vostede, vostede debería de denunciar a esa persoa.

**Sr. José Manuel Valladares.-** Pero xa o teño denunciado a vostede

**Sr. Alcalde.-** Ah, bueno, pois xa está.

**Sr. José Manuel Valladares.-** e hai certas persoas que traballan aquí que as teño denunciadas.

**Sr. Alcalde.-** Señor Valladares pois xa está, non hai máis discusión.

**Sr. José Manuel Valladares.-** E foi...e foi a facer certos actos co seu...co seu...¿como se di? Co seu permiso. Agora gustaríame saber ¿canto custou a famosa praza do salmón?

**Sr. Alcalde.-** Pois non recordo, pero sobre 12.000 euros máis ou menos.

**Sr. José Manuel Valladares.-** 12.000 euros

**Sr. Alcalde.-** Por aí

**Sr. José Manuel Valladares.-** A según alí na empresa 50.000 gustaríame ver a contabilidade do Concello.

**Sr. Alcalde.-** Cando queira.

**Sr. José Manuel Valladares.-** Gustaríame. Por certo, é outra das cousas que deberíamos ter acceso todo o mundo, como no rural, como permisos, como a aprobación do PXOM, que nós somos os donos, e nadie nos dixo esta terra é para construír a outra é de non construír. ¿Vostedes pedíronnos permiso? Non. Eu teño unha finca, non é miña que é do meu pai, que está a pinos e vostedes poñéronna de labradío, vergonza lle tiña que dar. Hai outro terreo que está alumado con luz pública que eu fíxenlle unha ligación e vostede non fixo nada por esto, no medio dunhas fincas, pero debe ser compañeiro seu, que lle debe traer os pescadiños que ten alí dentro do pozo, así seguimos... E e o resto da Estrada e outras certas persoas se castiga, outros poden obrar mesmo que non houbera PXOM, vostedes legalizaron obras ¿quen é vostede para legalizar unha obra se non hai PXOM?

**(Ruído)**

**Sr. José Manuel Valladares.-** Pero legalizaron obras como Alcalde. Fixéronse obras aquí ¿Cántas se fixeron de hai trinta anos que non hai PXOM neste Concello? Pero da administración non houbo nada, para certas persoas si houbo denuncias, porque a meu pai si lle chegaron da Xunta de Galicia unha cousa que prescribira e viñeron de SEPRONA, pero para certas cousas que eu fixen...que fixen denuncias aí non veu nin...nin a Policía Local, nin nadie veu, nin contestación por escrito de vostede ¿eh?

**Sr. Alcalde.-** Tereino que...tereiño que revisar, non sei...non sei si lle contestaron ou non.

**Sr. José Manuel Valladares.-** ¿A eso lle chama vostede democracia? Para min non é democracia, eu conozo a democracia doutra maneira. Nacín nun país democrático, estudiei nun país democrático e tuven estudos gratuítos, cousa que aquí en España a día de hoxe aínda non teñen, ao contrario, están metendo máis impostos para ter xustiza gratuíta, é todo por hoxe.

**Sr. Alcalde.-** Moi ben, moitas gracias señor Vidal...Valladares. Pois creo que xa se deron por feitas tódalas intervencións feitas polo público así que agradecerlle a presenza i o seu comportamento i que teñan unha boa noite. Moitas gracias.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas e trinta minutos.

A Estrada, 3 de outubro de 2013  
A SECRETARIA EN FUNCIONS,

Asdo.: M<sup>a</sup> Jesusa Fernández Bascuas